



CONCELLO DE BEGONTE

PLAN MUNICIPAL DE EMERXENCIA E XESTIÓN DO RISCO DA SECA NO CONCELLO DE BEGONTE

XUÑO 2021

ÍNDICE

1.	INTRODUCCIÓN E OBXECTIVOS.....	6
2.	MARCO NORMATIVO E INSTITUCIONAL.....	7
2.1.	MARCO NORMATIVO	7
2.2.	MARCO INSTITUCIONAL.....	9
3.	CONTEXTO FÍSICO E SOCIOECONÓMICO DO SISTEMA DE ABASTECIMENTO.....	11
3.1.	LOCALIZACIÓN	11
3.2.	DEMOGRAFÍA.....	12
3.3.	ECONOMÍA E USOS DO SOLO	19
3.4.	CARACTERÍSTICAS CLIMÁTICAS, XEOLÓXICAS E HIDROLÓXICAS	25
3.4.1.	CLIMA. PATRÓN DE PRECIPITACIÓN DO MUNICIPIO.....	25
3.4.2.	HIDROLOXÍA.....	31
3.4.3.	CLASIFICACIÓN XEOLÓXICA.....	32
3.4.4.	PATRÓN HIDROLÓXICO	323
4.	DESCRIPCIÓN E DIAGNÓSTICO DO SISTEMA DE ABASTECIMENTO.....	42
4.1.	ESQUEMA GRÁFICO DO CICLO INTEGRAL DA AUGA	42
4.2.	RECURSOS DISPOÑIBLES E ÁREAS DE CAPTACIÓN	43
4.3.	DEMANDAS E USOS DA AUGA.....	48
4.4.	TARIFAS E CUSTOS DA AUGA.....	59
4.4.1.	TARIFAS	59
4.4.2.	CUSTOS	62
4.5.	INFRAESTRUTURAS DOS SISTEMAS DE ABASTECIMENTO	63
4.5.1.	CAPTACIÓNS	63
4.5.2.	INFRAESTRUTURAS DE TRANSPORTE.....	64
4.5.3.	ALMACENAMENTO	65
4.5.4.	ESTACIÓNS DE TRATAMENTO	65
4.5.5.	INFRAESTRUTURAS PARA SITUACIÓNS DE EMERXENCIA	66
4.6.	RENDEMENTO DO SISTEMA DE ABASTECIMENTO (PERDAS)	66
4.7.	REGRAS DE OPERACIÓN	67
5.	CONDICIONANTES AMBIENTAIS E SOCIAIS PARA A XESTIÓN DAS SECAS.....	68
6.	SISTEMA DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN.....	79
7.	DIAGNÓSTICO: DEBILIDADES E FORTALEZAS DO SISTEMA DO CICLO INTEGRAL DA AUGA	85
8.	IDENTIFICACIÓN DE ZONAS, POBOACIÓNS E ACTIVIDADES VULNERABLES.....	88
9.	ANÁLISE DE SECAS PREVIAS E PROGNÓSTICO NUN CONTEXTO DE CAMBIO CLIMÁTICO	90
10.	DEFINICIÓN DE ESCENARIOS DE SECA E CONDICIÓNS DESENCADANTES	112
11.	MEDIDAS PARA FACER FRONTE AOS RISCOS POR SECA EN CADA ESCENARIO CONSIDERADO ...	116
12.	ANÁLISE ECONÓMICO DO PLAN.....	119
13.	ELABORACIÓN, TRAMITACIÓN, APROBACIÓN E ADOPCIÓN DO PLAN	120
14.	AVALIACIÓN, SEGUIMENTO E ADAPTACIÓN DO PLAN	121
	ANEXO I: FICHAS DE CARACTERIZACIÓN DAS CAPTACIÓNS	122
	ANEXO II: FICHAS DE CARACTERIZACIÓN DAS MEDIDAS	127
	PLANOS.....	148

ÍNDICE DE FIGURAS

Figura 1. Localización do concello de Begonte.....	11
Figura 2. Evolución da poboación (Fonte: INE)	12
Figura 3. Evolución da poboación por parroquias (Fonte: INE).....	13
Figura 4. Poboación por idades (Fonte: INE)	15
Figura 5. Pirámides poboacionais 2010-2020 (Fonte: INE)	16
Figura 6. Distribución por sectores económicos(Fonte: IGE).....	19
Figura 7. Mapa de usos do solo (Fonte: SIOSE).....	21
Figura 8. Distribución das precipitacións nos últimos anos (Fonte: Datos Meteogalicia-estación Sambreixo) 28	
Figura 9. Distribución das precipitacións medias anuais (Fonte: Datos Meteogalicia-estación Sambreixo) 28	
Figura 10. Diagrama de Gausen (Fonte: Datos Meteogalicia-estación Sambreixo).....	29
Figura 11. Gráfico de auga dispoñible no intervalo 2016 e 2020 (Fonte: Elaboración propia)	30
Figura 12. Mapa hidrolóxico Begonte (Fonte: Elaboración propia)	31
Figura 13. Mapa xeolóxico do municipio de Begonte (Fonte: IGME)	32
Figura 14. Sistema de explotación Miño Alto (Fonte: PHDMS)	34
Figura 15. Esquema ciclo integral da auga (Fonte: Elaboración propia)	42
Figura 16. Captacións no concello de Begonte (Fonte: Elaboración propia a partir PHMS).....	47
Figura 17. Evolución da demanda da rede municipal de Begonte m3/ano (Fonte: Datos de consumos da rede municipal)	54
Figura 18. Consumos trimestrais da rede de abastecemento municipal m3/trimestre (Fonte: Datos de consumos da rede municipal)	54
Figura 19. Evolución das demandas de auga da rede municipal por parroquias (Fonte: Datos de consumos da rede municipal)	55
Figura 20. Estimación na variación dos volumes (hm3) entre 2015 e 2027 (Fonte: PHDMS)	57
Figura 21. ZEC Parga – Ladra – Támoga no concello de Begonte(Fonte: Elaboración propia)	69
Figura 22. Rexións declaradas Reserva da Biosfera.....	75
Figura 23. Esquema xeral dos sistemas de saneamento e depuración existentes (Fonte: Elaboración propia)	80
Figura 24. Temperaturas máximas acadadas no municipio entre 1971 e 2005. (Fonte: AdapteCCa).....	97
Figura 25. Temperaturas máximas extremas acadadas no municipio entre 1971 e 2005. (Fonte: AdapteCCa).	97
Figura 26. Duración máxima das olas de calor no municipio entre 1971 e 2005. (Fonte: AdapteCCa.).....	98
Figura 27. Precipitacións no concello entre 1971 e 2005. (Fonte: AdapteCCa).....	98
Figura 28. Máximo número de días consecutivos con precipitacións inferiores a 1 mm no municipio entre 1971 e 2005. (Fonte: AdapteCCa.).....	99
Figura 29. Valores para os catro escenarios de emisión. (Fonte: cambio climático: Bases Físicas. Guía resumida del quinto informe de avaliación do IPCC.)	99
Figura 30. Período de retorno de secas no Miño-Sil para diferentes déficits medios anuais e duración 2 anos (arriba) e 5 anos (debaixo) para o PC e os tres PI segundo cada unha das proxeccións RCP4.5. (Fonte: CEH-2017)	104
Figura 31. Período de retorno de secas no Miño-Sil para diferentes déficits medios anuais e duración 2 anos (arriba) e 5 anos (debaixo) para o PC e os tres PI segundo cada unha das proxeccións RCP8.5. (Fonte: CEH-2017)	105
Figura 32. Indicadores climáticos (Fonte: Datos medidos na estación Sambreixo)	106
Figura 33. Qmedios (m3/s) medidos na estación de aforo do Río Ladra ao seu paso por Begonte (Fonte: Informes anuais aforos CHMS).....	106

Figura 34. Aportación anual (hm ³) medida na estación de aforo do Río Ladra ao seu paso por Begonte (Fonte: Informes anuais aforos CHMS).....	107
Figura 35. Profundidade da auga nos piezómetros de Matodoso 1 e 2 (Fonte: Informes anuais aforos CHMS).....	108
Figura 36. Proxeccións temperatura máxima escenario RPC 8.5. (Fonte: AdapteCCa.)	109
Figura 37. Proxeccións temperatura máxima extrema escenario RPC 8.5. (Fonte: AdapteCCa.).....	109
Figura 38. Proxeccións duración máxima olas de calor escenario RPC 8.5. (Fonte: AdapteCCa.).....	110
Figura 39. Proxeccións precipitacións escenario RPC 8.5. (Fonte: AdapteCCa.).....	110
Figura 40. Proxeccións nº días consecutivos precipitación < 1 mm escenario RPC 8.5. (Fonte: AdapteCCa.)	111
Figura 41. Proxeccións evapotranspiración potencial escenario RPC 8.5. (Fonte: AdapteCCa.)	111

ÍNDICE DE TÁBOAS

Táboa 1. Institucións e/ou axentes con competencias no ciclo integral da auga urbana	10
Táboa 2. Evolución da poboación (Fonte: INE).....	12
Táboa 3. Evolución da poboación por parroquias (Fonte: INE)	14
Táboa 4. Carga de poboación estacional en Begonte (Fonte: IGE)	17
Táboa 5. Carga de poboación estacional por motivos (Fonte: IGE)	18
Táboa 6. Evolución da poboación (Fonte: Plan Hidrolóxico Demarcación Miño-Sil).....	18
Táboa 7. Evolución da distribución de terras (Fonte: IGE).....	20
Táboa 8. Montes Veciñais en Man Común (Fonte: Medio Rural).....	20
Táboa 9. Usos do solo (Fonte: SIOSE)	21
Táboa 10. Estrutura e composición dos efectivos de bovino (Fonte: Consellería do Medio Rural)	22
Táboa 11. Distribución de prazas de porcino en explotacións industriais (Fonte: Consellería do Medio Rural).....	22
Táboa 12. Cabana gandeira (Fonte: Informe Medio Rural).....	22
Táboa 13. Evolución da cabana gandeira (Fonte: PHDMS).....	22
Táboa 14. Proxeccións da cabana gandeira (Fonte: PHDMS)	23
Táboa 15. Proxeccións do emprego no sector industrial para o concello (Fonte: PHDMS)	24
Táboa 16. Precipitacións e temperaturas medias rexistradas nos últimos anos.....	26
Táboa 17. Valores climáticos medios no municipio entre os anos 2016 e 2020 (Fonte: Elaboración propia)	30
Táboa 18. Concas hidrográficas no S.E. Miño Alto (Fonte: PHDMS).....	33
Táboa 19. Estatísticos básicos das series anuais de precipitación (mm/ano) e apartación (hm ³ /ano) para o S.E. Miño Alto - Serie 1940/41-2011/12. (Fonte: PHDMS)	34
Táboa 20. Estatísticos básicos das series anuais de precipitación (mm/ano) e apartación (hm ³ /ano) para o S.E. Miño Alto - Serie 1980/81-2011/12. (Fonte: PHDMS)	35
Táboa 21. Promedios mensuais S.E. Miño Alto Serie 1940/41-2011/12 (Fonte: PHDMS).....	35
Táboa 22. Promedios mensuais S.E. Miño Alto Serie 1980/81-2011/2012 (Fonte: PHDMS).....	35
Táboa 23. Masas de auga subterráneas S.E. Miño Alto (Fonte: PHDMS).....	36
Táboa 24. Características das masas de auga subterráneas S.E. Miño Alto (Fonte PHMS)	36
Táboa 25. Listado masas de auga Begonte (Fonte: PHDMS)	36
Táboa 26. Características masas de auga Begonte (Fonte: PHDMS).....	37
Táboa 27. Captacións existentes (Fonte: Elaboración propia)	43
Táboa 28. Captacións abastecemento /rega/gandeiro (Fonte: PHDMS).....	44
Táboa 29. Captacións rega (Fonte: PHDMS)	45



Táboa 30. Captacións gandería (Fonte: PHDMS).....	46
Táboa 31. Captacións industriais (Fonte: PHDMS)	46
Táboa 32. Captacións incendios (Fonte: PHDMS)	46
Táboa 33. Captacións muíños (Fonte: PHDMS)	46
Táboa 34. Captacións principal de titularidade municipal segundo o Plan Especial de Actuación en Situacións de Alerta e Eventual Seca	47
Táboa 35. Demanda doméstica, agrícola e industrial do servizo municipal de Begonte 2015-2016.....	48
Táboa 36. Demanda doméstica, agrícola e industrial do servizo municipal de Begonte 2017-2018.....	49
Táboa 37. Demanda doméstica, agrícola e industrial do servizo municipal de Begonte 2019-2020.....	50
Táboa 38. Resumo consumos do servizo municipal de Begonte 2015-2020 por parroquias (Fonte: Datos de consumos da rede municipal medidos m3/trimestre)	52
Táboa 39. Demandas de auga usos municipais do concello de Begonte entre os anos 2015-2020 (Fonte: Datos de consumos da rede municipal medidos m3/ano).....	52
Táboa 40. Demandas de auga totais da rede municipal do concello entre os anos 2015-2020 (Fonte: Datos de consumos da rede municipal medidos m3/ano).....	52
Táboa 41. Distribución intraanual da demanda de auga no concello (Fonte: Datos de consumos da rede municipal medidos m3/semestre).....	53
Táboa 42. Resumo das demandas medias de auga da rede municipal do concello entre os anos 2015-2020 (hm3/ano)(Fonte: Datos de consumos da rede municipal).....	53
Táboa 43. Demanda de auga do núcleo de O Lousado (Fonte: Datos estimados).....	55
Táboa 44. Distribución intraanual da demanda de auga da traída de O Lousado (Fonte: Datos de consumo domésticos e gandeiros estimados hm3/mes).....	55
Táboa 45. Unidades de demanda urbanas do concello de Begonte (Fonte: PHDMS).....	56
Táboa 46. Unidades de demanda agrarias ficticias concello de Begonte (Fonte: PHDMS).....	56
Táboa 47. Demandas futuras previstas no total do concello (Fonte: PHDMS).....	58
Táboa 48. Demandas futuras industriais estimadas coa totalidade do solo industrial desenvolto	58
Táboa 49. Estrutura tarifaria e prezos segundo ordenanza municipal de subministro de auga potable	59
Táboa 50. Facturado polo servizo de augas e saneamento nos últimos anos (Fonte: Concello Begonte)....	61
Táboa 51. Custos de inversión e mantemento servizo abastecemento nos últimos anos (Fonte: Concello Begonte)	62
Táboa 52. Custos de inversión e mantemento rede de saneamento nos últimos anos (Fonte: Concello Begonte).....	62
Táboa 53. Inventario de captacións subterráneas (Fonte: Traballos de campo-EIEL)	63
Táboa 54. Inventario de captacións superficiais (Fonte: Traballos de campo-EIEL)	63
Táboa 55. Rede de distribución en alta e en baixa (Fonte: Traballos de campo-EIEL).....	64
Táboa 56. Inventario de infraestruturas de almacenamento (Fonte: Traballos de campo-EIEL).....	65
Táboa 57. Inventario de depósitos para o concello de Begonte (Fonte: PHDMS)	65
Táboa 58. Inventario de estacións de tratamento (Fonte: Traballos de campo-EIEL)	65
Táboa 59. % Perdas na rede (Fonte: EIEL).....	66
Táboa 60. Hábitats do ZEC Parga – Ladra - Támoga (Fonte: Anexo I da DC 92/43/CEE)	69
Táboa 61. Especies localizadas no concello de Begonte (Fonte: IEET).....	70
Táboa 62. Zonas protexidas: zonas de captación de augas para abastecemento (Fonte: PHDMS)	76
Táboa 63. Zonas protexidas: zonas de futura captación de augas para abastecemento (Fonte: PHDMS)..	76
Táboa 64. Zonas protexidas: zonas de protección de hábitats ou especies (Fonte: PHDMS).....	76
Táboa 65. Zonas protexidas: zonas de baño (Fonte: PHDMS).....	76
Táboa 66. Zonas protexidas: zonas produción piscícola (Fonte: PHDMS)	77
Táboa 67. Zonas protexidas: masas de auga salmonícolas (Fonte: PHDMS).....	77



Táboa 68. Zonas protexidas: zonas húmidas (Fonte: PHDMS).....	77
Táboa 69. Estacións depuradoras do concello de Begonte (Traballos de campo)	80
Táboa 70. Autorizacións de vertido concello de Begonte (Datos: Concello de Begonte).....	81
Táboa 71. Vertidos urbanos superficiais (Fonte: PHDMS).....	82
Táboa 72. Vertidos urbanos subterráneos (Fonte: PHDMS).....	82
Táboa 73. Vertidos industriais superficiais (Fonte: PHDMS)	82
Táboa 74. Vertidos industriais subterráneos (Fonte: PHDMS)	83
Táboa 75. Vertidos escorrentía superficiais (Fonte: PHDMS).....	83
Táboa 76. Vertidos vertedoiros superficiais (Fonte: PHDMS).....	83
Táboa 77. Vertidos auga de tormenta superficiais (Fonte: PHDMS).....	83
Táboa 78. Inventario de EDAR para o concello de Begonte (Fonte: PHDMS).....	84
Táboa 79. Indicadores de vulnerabilidade (Fonte: Elaboración propia)	85
Táboa 80. Zonas e poboacións vulnerables (Fonte: Elaboración propia-traballos de campo)	88
Táboa 81: Explotacións gandeiras vulnerables (Fonte: Informe Consellería Medio Rural).....	89
Táboa 82. Secas Sistema Explotación Miño Alto 1940-1983 (Fonte: PES-CHMS)	93
Táboa 83. Secas Sistema Explotación Miño Alto 1940-1991 (Fonte: PES-CHMS)	94
Táboa 84. Secas Sistema Explotación Miño Alto 1991-2007 (Fonte: PES-CHMS)	95
Táboa 85. Secas Sistema Explotación Miño Alto 2007-2017 (Fonte: PES-CHMS)	95
Táboa 86. Resumo secas Sistema Explotación Miño Alto (Fonte: PES-CHMS)	96
Táboa 87. Porcentaxe de variación das precipitación en España e na Confederación Hidrográfica Miño-Sil (Fonte: Avaliación do Impacto do Cambio Climático nos Recursos Hídricos e Secas en España).....	100
Táboa 88. Porcentaxe de variación da ETP en España e na Confederación Hidrográfica Miño-Sil (Fonte: Avaliación do Impacto do Cambio Climático nos Recursos Hídricos e Secas en España).....	100
Táboa 89. Porcentaxe de variación da ETR en España e na Confederación Hidrográfica Miño-Sil (Fonte: Avaliación do Impacto do Cambio Climático nos Recursos Hídricos e Secas en España).....	101
Táboa 90. Porcentaxe de variación da Humidade Relativa en España e na Confederación Hidrográfica Miño-Sil (Fonte: Avaliación do Impacto do Cambio Climático nos Recursos Hídricos e Secas en España) ..	101
Táboa 91. Porcentaxe de variación da recarga de acuíferos en España e na Confederación Hidrográfica Miño-Sil (Fonte: Avaliación do Impacto do Cambio Climático nos Recursos Hídricos e Secas en España) ..	102
Táboa 92. Porcentaxe de variación da escorrentía en España e na Confederación Hidrográfica Miño-Sil (Fonte: Avaliación do Impacto do Cambio Climático nos Recursos Hídricos e Secas en España).....	102
Táboa 93. Precipitación media por sistema de explotación no escenario de cambio climático (Fonte: PHDMS).....	105
Táboa 94. Achea total media acumulada por sistema de explotación e masa de auga no escenario de cambio climático (Fonte: PHDMS)	105
Táboa 95. Profundidade da masa subterránea 11.001 en Matodoso (Fonte: CHMS)	107
Táboa 96. Indicadores de seguimento e limiares en situación de alerta (Fonte: Elaboración propia).....	115
Táboa 97. Indicadores de seguimento e limiares en situación de emerxencia (Fonte: Elaboración propia)	

1. INTRODUCCIÓN E OBXECTIVOS

Os Plans Municipais de Emerxencia e Xestión do Risco de Seca son un instrumento básico para a xestión destes episodios a nivel de concello e/ou sistema de abastecemento, complementando á planificación estatal e autonómica na materia, a unha escala máis centrada no territorio municipal, co obxectivo último de minimizar os efectos negativos que poidan producir os escenarios de seca.

Segundo o Ministerio para la Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico diferéncianse catro tipos de seca:

- Meteorolóxica: relacionada cunha escaseza continuada de precipitacións. Este tipo pode implicar tamén aumento de temperaturas, ventos fortes, maior insolación, etc. Definirase para unha rexión específica e implicará a redución das taxas de infiltración, menor recarga de augas subterráneas, etc.
- Hidrolóxica: sería a diminución da dispoñibilidade de augas superficiais e subterráneas nun sistema de xestión durante un prazo temporal dado, respecto aos valores medios. Esta redución pode impedir a cobertura das demandas de auga.
- Agrícola: consiste no déficit de humidade do chan que impide a cobertura das necesidades dos cultivos.
- Socioeconómica: é a relacionada ca escaseza de auga para as persoas e para o desenvolvemento de diferentes actividades económicas.

Polo tanto, os episodios de seca xeran impactos negativos e directos a diferentes actividades económicas e no medio ambiente, que teñen consecuencias directas ou indirectas como:

- Consecuencias directas: impactos económicos, agricultura e gandería, xestión da auga e abastecemento, industria, xeración de enerxía hidroeléctrica, impactos medioambientais, auga, solo, aire, organismos vivos, espazos naturais protexidos, contaminación e o aumento de incendios forestais.
- Consecuencias indirectas: impactos económicos (enerxía, comercio, subida de prezos...), sociais (saúde pública, desemprego...), e outros como ocio e turismo.

Xorde por tanto a necesidade de que os responsables dos sistemas de abastecemento contén con ferramentas que permitan minimizar estes impactos, garantindo o abastecemento á poboación mediante o uso eficiente dos recursos hídricos. Neste contexto, Augas de Galicia convocou axudas para que as entidades locais responsables de sistemas de abastecemento redactasen os seus plans de emerxencia ante situacións de seca das que foi beneficiado o Concello de Begonte.

Este Plan será un instrumento básico de planificación para xestionar os posibles episodios de seca e para a súa redacción tense como referencia o establecido no *Plan Especial de Actuación en Situacións de Eventual Seca da parte española da Demarcación Hidrográfica Miño-Sil*, cuxo obxectivo é minimizar os impactos ambientais, económicos e sociais de eventuais episodios de seca.

OBXECTIVOS

O obxectivo principal do plan será o de conseguir minimizar os impactos ambientais, económicos e sociais derivados da seca, para o que será necesario:

- Definir os recursos existentes e dos sistemas de abastecemento e saneamento do concello.
- Definición das debilidades e fortalezas do ciclo integral da auga.
- Definición das zonas, poboacións e actividades con maior risco de desabastecemento.
- Definición dos diferentes escenarios de seca posibles e medidas a levar a cabo en cada un dos mesmos.
- Previsión dun subministro alternativo en caso de seca.
- Actuacións a executar para garantir o abastecemento á poboación.

2. MARCO NORMATIVO E INSTITUCIONAL

2.1. MARCO NORMATIVO

O presente plan municipal de emerxencia e xestión do risco de seca, ten en conta os instrumentos legais e normativos, relacionados coa xestión da auga e de risco por secas nos ámbitos europeo, estatal, autonómico e municipal. A continuación detállase a normativa máis relevante neste respecto:

✓ Legislación comunitaria:

- Directiva 2006/118/CE do Parlamento europeo e do Consello, de 12 de decembro de 2006, relativa á protección das augas subterráneas contra a contaminación e o deterioro.
- Directiva 2000/60/CE do Parlamento europeo e do Consello, de 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas, ou Directiva Marco da Auga.
- Directiva 98/83/CE do Consello de 3 de novembro de 1998 relativa á calidade das augas destinadas ao consumo humano.
- Directiva 91/676/CE do Consello, de 12 de decembro de 1991, relativa á protección das augas contra a contaminación producida por nitratos.
- Directiva 91/271/CEE do Consello, de 21 de maio de 1991, sobre o tratamento das augas residuais urbanas.

✓ Legislación estatal:

- Real Decreto Legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas.

- Instrución da Planificación Hidrolóxica aprobada por Orde ARM/2656/2008, desenvolve cun alto grao de detalle as instrucións necesarias para a elaboración dos plans hidrolóxicos e esixe a incorporación nos devanditos plans das medidas contempladas nos plans de seca.
 - Regulamento da Planificación Hidrolóxica (RD 907/2007), que desenvolve algúns preceptos legais e completa a transposición da Directiva Marco da Auga ao ordenamento xurídico español.
 - Regulamento do Dominio Público Hidráulico (RD 849/1986) recentemente actualizado a través do RD 638/2016.
 - Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan Hidrolóxico Nacional (PHN). En concreto recóllese:
 - Artigo 27.2: Os Organismos de conca elaborarán nos ámbitos dos Plans Hidrolóxicos de conca correspondentes, no prazo máximo de dous anos desde a entrada en vigor da presente Lei, plans especiais de actuación en situacións de alerta e eventual seca, incluíndo as regras de explotación dos sistemas e as medidas para aplicar en relación co uso do dominio público hidráulico. Os citados plans, previo informe do Consello de Auga de cada conca, remitiranse ao Ministerio de Medio Ambiente para a súa aprobación.
 - Artigo 27.3: As Administracións públicas responsables de sistemas de abastecemento urbano que atendan, singular ou mancomunadamente, a unha poboación igual ou superior a 20.000 habitantes deberán dispoñer dun Plan de Emerxencia ante situacións de seca. Devanditos Plans, que serán informados polo Organismo de conca ou Administración hidráulica correspondente, deberán ter en conta as regras e medidas previstas nos Plans especiais a que se refire o apartado 2, e deberán atoparse operativos no prazo máximo de catro anos.
 - Real Decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano.
 - Lei 7/1985 de 2 de abril (consolidada), reguladora das bases de réxime local.
 - Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas.
- ✓ **Legislación autonómica:**
- Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia.
 - Decreto 1/2015, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da planificación en materia de augas de Galicia.
 - Instrución 2/2015, do 17 de abril, de planificación hidrolóxica da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa.

✓ Lexislación específica das Demarcacións Hidrográficas:

- Plan Hidrolóxico 2016-2021 da Demarcación Hidrográfica Miño-Sil:
 - DH Miño-Sil, DH Cantábrico Occidental e DH Duero. aprobados por RD 1/2016, de 8 de xaneiro.
- Plan Especial de actuación en situación de alerta e eventual seca da Demarcación Hidrográfica:
 - DH Miño-Sil, DH Cantábrico Occidental e DH Duero, aprobados pola Orde TEC/1399/2018, de 28 de novembro.

2.2. MARCO INSTITUCIONAL

Neste apartado recóllense os axentes e institucións implicadas nos servizos do ciclo integral da auga urbana, incluíndo unha breve descrición de cada institución: nome, características organizativas e principais competencias na xestión do ciclo integral da auga.

O ciclo integral da auga urbana comprende catro servizos complementarios:

- **O abastecemento en alta**, que inclúe a captación da auga desde as fontes (río, encoro, acuífero, auga de mar) e o seu transporte aos depósitos de cabeceira do sistema de abastecemento. e que se trate (depósitos municipais e/ou da Mancomunidade, no seu caso), e a potabilización da auga nas estacións de tratamento de auga potable (ETAP).
- **O abastecemento ou distribución de auga en baixa**, que implica a distribución da auga desde os depósitos de cabeceira ata o usuario final (doméstico, comercial, industrial, institucional, etc.).
- **A rede de sumidoiros e recollida e canalización de augas pluviais en baixa**, que inclúe a recollida de augas residuais desde os usuarios (domicilios, comercios, empresas etc.) cara aos colectores e/ou planta depuradora e a canalización, almacenamento e reutilización (no seu caso), e vertedura de pluviais.
- **O saneamento en alta e a depuración**, que inclúe o transporte das augas residuais cara aos colectores, o seu tratamento nas estacións de depuración de augas residuais (EDAR) e a súa devolución ao medio en boas condicións ou, no seu caso, a rexeneración e reutilización.



Táboa 1. Institucións e/ou axentes con competencias no ciclo integral da auga urbana

Captación dos recursos	
Demarcación ou Demarcacións hidrográficas a que pertencen os recursos que abastecen ao concello	DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA MIÑO-SIL
Captación dos recursos	
A captación dos recursos do municipio está mancomunado ou consorciado	NON Concello de Begonte
Distribución en alta	
Administración ou empresa encargada da distribución en alta ata o depósito municipal	Concello de Begonte
Distribución en baixa	
Administración ou empresa encargada da distribución en baixa ata os fogares	Concello de Begonte
Saneamento	
Administración ou empresa encargada da distribución en baixa ata os fogares	Concello de Begonte
Depuración	
Administración ou empresa encargada da depuración	Concello de Begonte

3. CONTEXTO FÍSICO E SOCIOECONÓMICO DO SISTEMA DE ABASTECIMENTO

3.1. LOCALIZACIÓN

O concello de Begonte está situado no occidente da provincia de Lugo e pertence á comarca da Terra Chá. Limita cara ao norte e de oeste a leste, cos municipios tamén chairegos de Guitiriz, Vilalba e Cospeito. Cara ao sur, de leste a oeste, con Rábade, Outeiro de Rei e Friol, pertencentes á comarca de Lugo. Pertence ao partido xudicial de Vilalba.




Figura 1. Localización do concello de Begonte

Conta cunha superficie de 126,73 Km², un total de dezasete núcleos de poboación e cento tres entidades singulares de poboación distribuídas en dezanove parroquias: Baamonde (Santiago), Baldomar (San Xoán), Begonte (San Pedro), Bóveda (Santalla), Carral (San Martiño), O Castro (Santa María), Cerdeiras (San Fiz), Damil (San Salvador), Donalbai (San Cristovo), Felmil (Santiago), Gaibor (San Xiao), Illán (Santiago), Pacios (San Martiño), Saavedra (Santa María), Santalla de Pena, San Vicente de Pena, Trobo (Santa María), Uriz (Santo Estevo) e Virís (Santa Helena). A capital do concello está a 19 km da capital da provincia.

Begonte sitúase no terzo norte central da provincia de Lugo formando parte da denominada Terra Chá, penechaira que caracteriza o termo municipal. Aparece dotada dunha gran uniformidade debido á súa planicie topográfica. A zona occidental do municipio é a máis accidentada, aínda que as altitudes non son moi pronunciadas excedéndose lixeiramente aos 600 metros de altitude en Monterredondo e Pena Chá ambos situados ao noroeste. Ao suroeste no límite con Friol, as altitudes chegan a alcanzar os 735 metros no Cordal, que por outra banda é a cota máis elevada do municipio. En contraposición as zonas centro e oriental do municipio son as de topografía máis suave e as máis poboadas.

Por outro lado, entre os seus recursos naturais destacan as súas augas, é necesario destacar os distintos ríos e regatos que sucán estas terras. Os ríos Parga e Ladra regan e cruzan o territorio begontino. A confluencia do Támoga co Miño forma a illa de San Roque no punto onde limitan os concellos de Begonte, Outeiro de Rei e Cospeito.

Mención especial merecen as Lagoas do Olló e Riocaldo, ás que hai que engadir as orixinadas pola extracción de áridos nas proximidades da de Riocaldo.

Respecto á hidrografía, o termo municipal de Begonte pertence á Demarcación Hidrográfica Miño-Sil, ao Sistema de explotación do Miño Alto e aos Subsistemas de explotación Lugo e Cospeito.

3.2. DEMOGRAFÍA

Segundo os últimos datos publicados polo INE o concello de Begonte conta cunha poboación total de 2.978 habitantes e cunha densidade de poboación de 23,5 hab/km², por baixo das medias provincial (33,3 hab/km²) e galega (91,4 hab/km²). En xeral, a tendencia na evolución da poboación do termo municipal nos últimos dez anos foi decrecente, cunha perda dende o ano 2010 de 435 habitantes.

Táboa 2. Evolución da poboación (Fonte: INE)

	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Begonte	3.413	3.379	3.322	3.231	3.179	3.160	3.115	3.071	3.037	3.026	2.978

Evolución da poboación de Begonte




Figura 2. Evolución da poboación (Fonte: INE)

Se analizamos a distribución da poboación no municipio de Begonte por parroquias, temos que con diferenza, as tres onde se concentra practicamente un terzo da poboación total do concello son as da zona central: Saavedra cun 12,73%, seguida de Begonte cun 10,28% e por último Baamonde cun 9,94%, todas elas situadas a carón das principais vías de comunicación e, no caso de Baamonde e Begonte, pola existencia de núcleos urbanos, e con eles unha maior concentración de servizos municipais.

As parroquias con maior superficie do concello son San Martiño de Pacios, Santalla de Pena e Gaibor. Por densidade de poboación temos que Begonte é con gran diferenza a que ten unha densidade maior con 69,08 hab/km², seguida de Carral con 48,08 hab/km², Baamode con 43,95 hab/km² e Saavedra con 40,35 hab/km².

Evolución da poboación por parroquias




Figura 3. Evolución da poboación por parroquias (Fonte: INE)

Ao longo dos últimos anos e desde o 2010, o decrecemento foi a tónica xeral para todas as parroquias a excepción da parroquia de Uriz, que medrou un 7,95% e a de Damil que se mantivo practicamente sen cambios, tan só cun aumento do 1,18%.

As reducións de poboación máis salientables producíronse nas parroquias de San Vicente de Pena cun 32,05%, Begonte co 21,34%, San Martiño de Pacios co 19,59% e Baamonde co 18,23%. Aínda así pode destacarse tamén o período entre o 2012 e 2018, onde por exemplo Baldomir e Damil obterían un crecemento nulo e no cal Begonte experimentaría un gran decrecemento cunha perda do 25,63% da poboación, sen embargo a partir do 2018 experimentou un lixeiro incremento do 4,44%.

Táboa 3. Evolución da poboación por parroquias (Fonte: INE)

	Área (ha)	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Baamonde	673,51	362	347	345	327	312	321	329	317	317	302	296
Baldomar	218,01	60	58	60	59	63	62	61	59	60	60	55
Begonte	442,95	389	390	394	374	356	332	313	308	293	303	306
Bóveda	813,10	154	149	144	140	144	142	151	149	148	154	146
Carral	340,17	184	191	183	177	176	180	179	172	169	179	166
O Castro	606,81	99	98	100	93	90	89	91	94	94	93	95
San Fiz de Cerdeiras	506,47	122	122	119	121	119	117	113	113	111	111	109
Damil	477,38	169	166	161	160	167	170	165	160	161	170	171
Donalbai	502,36	162	156	150	148	151	154	152	144	146	144	139
Felmil	627,12	160	159	155	152	150	152	147	150	157	152	150
Gaibor	1330,30	223	226	224	217	215	211	210	209	207	195	188
Illán	749,63	129	132	129	121	114	111	112	115	113	110	112
San Martiño de Pacios	1465,32	245	233	223	224	212	211	211	209	206	201	197
San Vicente de Pena	347,36	78	74	69	69	68	63	57	58	56	55	53
Santalla de Pena	1379,61	130	132	133	132	127	129	126	115	118	118	122
Saavedra	939,27	431	426	420	411	411	412	399	401	388	384	379
Trobo	591,38	150	150	145	144	143	142	135	129	131	128	131
Uriz	437,53	88	88	87	86	86	86	89	93	90	90	95
Virís	224,87	78	82	81	76	75	76	75	76	72	77	68

Obsérvase un descenso xeneralizado da poboación en todo o ámbito, e en xeral no rural galego, provocado principalmente pola emigración cara zonas urbanas. Isto, unido á falta de nacementos e ao envellecemento da poboación, provocou un descenso significativo no número de habitantes do concello, que se prevé siga incrementándose paulatinamente no futuro.

En xeral, o concello de Begonte, ao igual co resto da comunidade galega está sufrindo un proceso de envellecemento da poboación nos últimos tempos. A maior parte da poboación concéntrase entre os maiores de 60 anos, que neste caso supón o 45% do total da poboación, mentres que o número de habitantes de menos de 14 anos é tan só do 7%.

Poboación por idades





Figura 4. Poboación por idades (Fonte: INE)

As pirámides de poboación de Begonte dos anos 2010 e 2020 mostran a tendencia ao envellecemento dos residentes no concello. A parte superior das mesmas é moito mais ampla que a base, debido ao descenso na natalidade e ao envellecemento continuo da súa poboación. Dende o ano 2010 ao 2020 detéctase un incremento nos grupos de maior idade e aínda que tamén se observa un lixeiro incremento dos grupos de idade da parte baixa da pirámide, isto non é suficiente para modificar o proceso de envellecemento que avanza ano a ano e que unido a dispersión da poboación xerará un problema de illamento e de dificultades de acceso aos servizos.






Figura 5. Pirámides de poboación 2010-2020 (Fonte: INE)

Un feito a destacar é o número de mulleres maiores de 85 anos que supera en algo máis do dobre ao número de homes para o ano 2020, así pois temos 196 mulleres fronte a 96 homes para esta franxa de poboación, unha porcentaxe do total de 6,58% fronte ao 3,22%.

Para poder analizar con maior detalle a tendencia demográfica, recóllense distintos indicadores que nos permitan entender mellor a evolución da poboación no municipio.

O índice de envellecemento expresa a relación entre a cantidade de persoas adultas maiores e o número de nenos e mozos que residen nunha determinada área. Atendendo á metodoloxía de cálculo do Instituto Galego de Estatística (IGE), calcúlase mediante o cociente entre as persoas maiores de 64 anos con respecto ás persoas menores de 20 anos, multiplicado por 100.

O municipio de Begonte ten un índice de envellecemento do 378,51% (ano 2019), moi superior ao da provincia: 213,81% e ao da comunidade galega: 158,15%.

A taxa bruta de natalidade (número de nacementos cada mil habitantes) foi segundo os últimos datos publicados (2018) do 4,83‰, por debaixo da media provincial que está no 5,93‰ e autonómica do 6,13‰.

A taxa bruta de mortalidade (número de falecementos cada mil habitantes) foi segundo os últimos datos publicados (2018) do 16,74‰, por riba da media provincial que está no 15,39‰ e autonómica do 12,00‰.

Con estes datos o saldo vexetativo, como era de esperar, é negativo, -48 habitantes en 2019, de feito para a serie histórica do 1975-2019 tan só atopamos un valor positivo no ano 1984 e a diferenza máis elevada (-66) no ano 1997.

O fenómeno da inmigración ten xa una certa importancia en Begonte, polo crecente papel dos polígonos industriais no concello, e pola xente que volve despois da súa xubilación.

Aínda así, no referente ao saldo migratorio alternáanse valores tanto positivos como negativos para os últimos anos, 63 saídas fronte a 89 entradas no 2016 e 94 saídas fronte a 120 entradas no 2018, ou 89 saídas fronte a 88 entradas no 2017 e 93 saídas fronte a 88 entradas no 2019.

Polo tanto, a problemática existente no municipio de Begonte, ao igual que na maioría dos concellos galegos, é a existencia dunha poboación cada vez máis envellecida e unha taxa de natalidade en descenso que compromete o futuro da comunidade.

Para analizar a estacionalidade da poboación no concello de Begonte en función do turismo ou doutros factores específicos, teranse en conta os últimos datos publicados polo IGE (2018), que recollen a carga de poboación e os seus fluxos nos últimos 8 anos e que se distribúen do seguinte xeito:

Táboa 4. Carga de poboación estacional en Begonte (Fonte: IGE)

	CARGA DE POBOACIÓN	Residentes	Poboación de entrada	Poboación de saída	Saldo poboacional	Taxa de carga poboacional
2011/I	3264	3359	144	239	-95	97,17
2011/II	3268	3348	158	238	-80	97,61
2011/III	3402	3337	311	246	65	101,95
2011/IV	3241	3326	148	233	-85	97,44
2012/I	3219	3312	139	232	-93	97,19
2012/II	3220	3298	159	237	-78	97,63
2012/III	3320	3282	287	249	38	101,16
2012/IV	3159	3268	123	232	-109	96,66
2013/I	3146	3255	115	224	-109	96,65
2013/II	3145	3245	135	235	-100	96,92
2013/III	3338	3235	347	244	103	103,18
2013/IV	3117	3225	123	231	-108	96,65
2014/I	3111	3220	114	223	-109	96,61
2014/II	3139	3221	142	224	-82	97,45
2014/III	3291	3222	282	213	69	102,14
2014/IV	3129	3223	125	219	-94	97,08
2015/I	3116	3218	120	222	-102	96,83
2015/II	3125	3207	155	237	-82	97,44
2015/III	3317	3197	378	258	120	103,75
2015/IV	3099	3186	151	238	-87	97,27
2016/I	3093	3177	167	251	-84	97,36
2016/II	3160	3168	222	230	-8	99,75
2016/III	3337	3159	434	256	178	105,63
2016/IV	3087	3150	174	237	-63	98
2017/I	3059	3142	158	241	-83	97,36
2017/II	3152	3134	263	245	18	100,57
2017/III	3271	3125	408	262	146	104,67
2017/IV	3035	3117	153	235	-82	97,37
2018/I	3019	3111	145	237	-92	97,04
2018/II	3095	3108	236	249	-13	99,58
2018/III	3265	3105	403	243	160	105,15
2018/IV	3015	3102	155	242	-87	97,2

A estimación da carga de poboación concíbese como unha estatística sobre a poboación residente e as persoas que se desprazan por motivos de turismo, estancias en segundas vivendas, estudos, traballo e problemas de saúde. A carga de poboación representa a media trimestral de persoas equivalentes a tempo completo que soporta un concello; obtense a partir da poboación residente, sumándolle a poboación de entrada (non residentes presentes) e restándolle a poboación de saída (residentes ausentes).

Se analizamos a media trimestral por compoñentes para os último anos de estudo, obtense:

Táboa 5. Carga de poboación estacional por motivos (Fonte: IGE)

	CARGA DE POBOACIÓN	Residentes	Turismo	Segundas vivendas	Estudos	Traballo	Saúde
2016/I	3093	3177	-16	15	-40	-34	-9
2016/II	3160	3168	12	9	-36	17	-10
2016/III	3337	3159	20	109	-11	69	-9
2016/IV	3087	3150	-7	15	-41	-23	-7
2017/I	3059	3142	-6	12	-43	-35	-11
2017/II	3152	3134	0	13	-38	53	-10
2017/III	3271	3125	13	114	-10	35	-6
2017/IV	3035	3117	-4	16	-36	-50	-8
2018/I	3019	3111	-10	10	-36	-49	-7
2018/II	3095	3108	0	10	-33	18	-8
2018/III	3265	3105	18	108	-11	51	-6
2018/IV	3015	3102	-16	9	-37	-36	-7

Tal e como se reflexa na táboa anterior, a compoñente que representa unha maior carga de poboación para o concello sería a estancia en segundas vivendas e o traballo e o saldo poboacional no municipio derivado do turismo non é significativo, é dicir, non se produce un incremento da poboación estacional que repercuta no servizo de abastecemento de auga.

Segundo os datos extraídos do Plan Hidrolóxico Demarcación Miño-Sil, a evolución da poboación municipal do concello de Begonte é a seguinte:

Táboa 6. Evolución da poboación (Fonte: Plan Hidrolóxico Demarcación Miño-Sil)

Cod INE	Municipio	Evolución da poboación a nivel municipal													
		Poboación Permanente			Poboación equivalente 2ª Vivenda			Poboación equivalente turística			Taxa anual de crecemento poboacional		Previsións de crecemento anual		
		2013	2021	2027	2013	2021	2027	2013	2021	2027	2008-2013	2011-2013	2013-2021	2021-2027	2013-2027
27007	Begonte	3.190	2.976	2.927	569	531	522	37	45	45	-1,40%	-2,21%	-0,86%	-0,28%	-0,71%


Neste caso prevese un decrecemento da poboación do municipio de Begonte do 0,71% para o período 2013-2027.

3.3. ECONOMÍA E USOS DO SOLO

En Begonte a poboación activa é de 1.035 habitantes, o que representa unha taxa de actividade do 56%. Ata hai uns anos a taxa de actividade en Begonte era inferior á media comarcal, se ben esta situación tende a modificarse paulatinamente, pola transformación que está sufrindo a estrutura económica municipal.

Na distribución da poboación por sectores de actividade económica, temos que no concello de Begonte a actividade na que hai máis empregados é o sector servizos, seguido pola industria, agricultura e construción. Sen embargo, en canto ao número de empresas por sectores de actividade económica, volvemos a ter o sector servizos como maioritario pero seguido pola agricultura a construción e a industria. A distribución por sectores quedaría reflectida da seguinte maneira:

Distribución de empresas por sectores económicos



Distribución da poboación por sectores económicos




Figura 6. Distribución por sectores económicos (Fonte: IGE)

SECTOR PRIMARIO

A planicie do terreo favorece a mecanización do traballo na terra, e a agricultura e a gandería seguen sendo unha das fontes de ingresos máis importante do concello, co necesario e paulatino transvasamento á industria e servizos.

A participación no sector primario en Begonte tende a diminuír ao producirse un transvase da poboación do campo cara a industria e os servizos.

A súa situación pertencente a unha comarca con abundantes cursos fluviais, clima oceánico e topografía cha fan do concello de Begonte un municipio de marcado carácter rural, onde a agricultura se orienta preferentemente ao consumo familiar e á propia alimentación da cabana gandeira.

As abundantes terras de cultivo, en parcelas pechadas, oriéntanse á produción de patacas, millo, trigo, centeo, hortalizas e árbores froiteiras. Os pastos son abundantes e permanentes, ocupando unha superficie similar á das teraas de cultivo.

Unha parte da superficie deste concello está dedicado ás plantacións forestais e a súa explotación redonda na aparición de actividades secundarias para a transformación da madeira.

A gandería é abundante co predominio do sector vacún, orientado á produción láctea, e en menor medida ao gando porcino, ovino e equino.

No concello non se dá ningún proceso de reestruturación parcelaria, os cinco que figuran na páxina da consellería de medio rural atópanse caducados.

Segundo a distribución de terras nos últimos anos temos que a superficie forestal como para cultivo ven mantendo a súa porcentaxe ao longo dos últimos anos.

Táboa 7. Evolución da distribución de terras (Fonte: IGE)

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Superficie total do concello	12.680	12.680	12.680	12.680	12.680	12.680	12.680	12.680	12.680	12.680	12.680
Superficie forestal total	7.807	7.833	7.865	7.744	7.732	7.735	7.728	7.724	7.735	7.735	7.732
Forestal arborizado	7.132	7.170	7.176
Pasteiro, Pasteiro arbustivo e Mato	675	663	689
Superficie de cultivo e prado	3.809	3.806	3.780	3.811	3.760	3.762	3.773	3.779	3.769	3.770	3.766
Outras superficies	1.063	1.041	1.035	1.125	1.188	1.183	1.178	1.177	1.175	1.174	1.182

Os Montes Veciñais en Man Común do concello repártense en doce das dezanove parroquias e representan o 22,1% da superficie do concello e aínda que só a metade dos montes teñen aprobado algún instrumento de ordenación en parte das súas extensións, suman unha porcentaxe moi elevada respecto do total da superficie dos montes.

Táboa 8. Montes Veciñais en Man Común (Fonte: Medio Rural)

PARROQUIA	NOME DO MONTE	ÁREA (ha)
Baamonde	BAAMONDE	196
Begonte	BESGODE	30
Bóveda	SERRA GORDA, SALGUEIRÓN, ROZA DA GRAÑA E FROXENDE	358
O Castro	GÁNDARA E RIBEIRA DA CARBALLOSA	85
San Fiz de Cerdeiras	CERDEIRAS	64
Donalbai	GÁNDARA E CARBALLOSA	84
Felmil	FOLGUEIRO E VALGUEIRAS	11
Gaibor	BARRAZOSO E FONTEFRÍA	515
Illán	BOEDOS	311
San Martiño de Pacios	CARBALLOSA, MONTE REDONDO E CAMPO DE VILAFLORES, COSTA DE RAÑAL, COBAS E RIBEIRAS	537
San Vicente de Pena	SAN VICENTE	95
Santalla de Pena	SANTALLA	514
		2.800




Figura 7. Mapa de usos do solo (Fonte: SIOSE)

Táboa 9. Usos do solo (Fonte: SIOSE)

	ÁREA (ha)	%
Augas continentais	76,87	0,61%
Coberturas artificiais	70,49	0,56%
Cultivos e prados	3406,64	26,88%
Especies caducifolias	3163,40	24,96%
Eucaliptos e coníferas	3259,76	25,72%
Instalacións deportivas	1,40	0,01%
Mato	992,19	7,83%
Mato e especies arbóreas	311,72	2,46%
Mestura de especies arbóreas	614,69	4,85%
Mosaico agrícola e mato	37,09	0,29%
Mosaico agrícola e urbano	72,68	0,57%
Mosaico de cultivos e especies arbóreas	53,51	0,42%
Repoboacións forestais	277,93	2,19%
Sistemas xerais de transporte	190,51	1,50%
Zonas de extracción ou vertido	57,79	0,46%
Zonas urbanas	86,48	0,68%
TOTAL	12.673,14	

Segundo os datos extraídos do SIOSE, a maior parte do solo de Begonte está composto por especies forestais de caducifolias, eucaliptos e coníferas que supoñen entón a un 50% da superficie total do concello e que se localizan nas zonas máis accidentadas e na contorna dos ríos Parga e Ladra.

A superficie destinada a cultivos e prados está entorna ao 27% e localízase principalmente na contorna dos núcleos rurais sobre todo das parroquias máis orientais. A agricultura foi sendo relegada de forma paulatina pola gandería que co paso do tempo foi adquirindo maior importancia.

Segundo os últimos datos publicados pola Consellería de Medio Rural o número de explotacións gandeiras e de cabezas de gando rexistradas no concello de Begonte distribúese da seguinte maneira:

Gando Bovino (datos ano 2019)

Táboa 10. Estructura e composición dos efectivos de bovino (Fonte: Consellería do Medio Rural)

Concello	Nº de Explotacións		Nº de vacas			Nº outros Animais	Total animais	Vacas por explotación
	Explotacións de vacún	Explotacións con vacas	Vacas de leite	Vacas de carne	Total vacas			
Begonte	47	42	166	360	526	342	868	12,5

Gando porcino (datos ano 2019)

Táboa 11. Distribución de prazas de porcino en explotacións industriais (Fonte: Consellería do Medio Rural)

Concello	Prazas de reprodutoras	Prazas de cebo
Begonte	120	14.365

Cabana gandeira (datos 2020)

Táboa 12. Cabana gandeira (Fonte: Informe Medio Rural)

Concello Begonte	Animais
Vacún	2937
Ovino/Cabrún	963
Équidos	193
Porcino	1628
Aves de Curral	194747

Cabana gandeira (PHDMS)

Táboa 13. Evolución da cabana gandeira (Fonte: PHDMS)

Concello	Bovino 2009	Ovino 2009	Caprino 2009	Porcino 2009	Equino 2009	Aves 2009	Bovino 2010	Ovino 2010	Caprino 2010	Porcino 2010	Equino 2010	Aves 2010
Begonte	3.012	1.146	357	491	54	71.336	3.024	1.031	321	427	51	75.533

Concello	Bovino 2011	Ovino 2011	Caprino 2011	Porcino 2011	Equino 2011	Aves 2011	Bovino 2012	Ovino 2012	Caprino 2012	Porcino 2012	Equino 2012	Aves 2012
Begonte	2.983	908	283	579	49	79.977	2.965	854	266	464	46	84.682

As proxeccións da cabana gandeira do concello de Begonte estimadas no PHDMS son as seguintes:

Táboa 14. Proxeccións da cabana gandeira (Fonte: PHDMS)

Concello	Bovino 2021	Ovino 2021	Caprino 2021	Porcino 2021	Equino 2021	Aves 2021	Bovino 2027	Ovino 2027	Caprino 2027	Porcino 2027	Equino 2027	Aves 2027
Begonte	2.935	419	130	603	26	129.519	2.916	277	86	724	18	175.238

SECTOR SECUNDARIO

Enténdese por sector secundario non soamente ao conxunto de actividades industriais en xeral, senón tamén ao subsector da construción.

No Concello de Begonte existen un total de 2.661.605 metros cadrados de solo industrial, dos cales están urbanizados uns 400.000. Correspóndese con catro grandes parques industriais, dos que dous están en funcionamento. O Plan Xeral de Urbanismo, como antes as Normas Subsidiarias de Planeamento Urbanístico do Concello, contemplan as seguintes superficies para a instalación de empresas no termo municipal de Begonte:

Begonte:

Situado nas inmediacións da capital do Concello, as tres fases xa están en funcionamento e teñen unha superficie de 117.605 m².

Begonte-Rábade:

Compartido co veciño concello de Rábade, localízase a maior empresa do concello de Begonte, a factoría Fibranor (Finsa).

Deputación provincial:

Promovido pola Deputación Provincial de Lugo, conta cunha superficie inicial de 370.000 metros cadrados, coa posibilidade de ampliación a 60.000 máis nunha segunda fase.

Pacios-Baamonde:

Existe xa unha reserva de solo para este parque empresarial de 1.095.649 metros cadrados. Está situado ó norte da A-6, a ámbalas dúas marxes da N-634. Quedará delimitada polas poboacións da Rega e Pereira, e a Autovía A-8.

Aproveitando tanto as excelentes comunicacións como o competitivo prezo do solo hai empresas de considerable tamaño e consumo de solo que realizan actividades loxísticas e industriais.

Por exemplo o Grupo Pérez Torres, que conta con instalacións alugadas para o acopio de compoñentes eólicos previo ao seu traslado ao Porto de Ferrol, a madeireira Finsa coa súa fábrica Fibranor ou o centro de produción da canteira Erimsa, que conta con moitos máis proxectos na comarca, dedicados principalmente ao cuarzo.

A actividade empresarial e industrial da zona de Begonte e arredores basease na obtención e transformación primaria dos recursos naturais locais. A actividade madeireira é a máis destacada na zona, estando instaladas en Begonte e concellos veciños innumerables empresas de obtención e primeira transformación da madeira. A importancia desta actividade reflexouse en múltiples proxectos para optimizala, por exemplo impulsando as posibilidades da mesma para a produción de biomasa mediante pellets. Desta forma, tanto Fibranor como edificios públicos do veciño concello de Rábade fan uso desta enerxía.

Por outra banda, as excelentes comunicacións da zona facilitaron a aparición de empresas de servizos de transporte e loxística, así como outras de sectores na que a loxística ten unha gran importancia: carpintería metálica, construción e prefabricados, conxelados ou florería.

O parque empresarial de tipo medio no núcleo de Begonte, conviven pequenos talleres artesanais, de carpintería metálica, eléctrico, empresas de transporte, industrias de tamaño medio como Ingapan, mercado de naves de aluguer.

As proxeccións para o emprego no sector industrial estimadas no PHDMS son as seguintes:

Táboa 15. Proxeccións do emprego no sector industrial para o concello (Fonte: PHDMS)

Concello	Provincia	Emprego 2012	Emprego 2021	Emprego 2027
Begonte	Lugo	333	394	442

SECTOR TERCIARIO

A maioría do comercio é minorista, centralízase nos núcleos principais de Begonte e Baamonde e dedícase fundamentalmente ás ramas da alimentación, ferraxería, materiais de construción e hostalería.

A traxectoria deste sector depende en gran medida do desenvolvemento do sector industrial que como se describiu anteriormente ofrece posibilidades óptimas.

Os postos ligados ao sector servizos dentro do Concello atópanse sobre todo no sector da hostalería, en forma de bares ou restaurantes que son negocios familiares.

TURISMO

De cara ao turismo no concello de Begonte destacan os recursos naturais e paisaxísticos e as construcións relixiosas e populares (igrexas, petos de ánimas, fontes...) que o visitante pode descubrir en cada parroquia.

	España			CHMS			España			CHMS		
	Max	Med	Mn	Max	Med	Mn	Max	Med	Mn	Max	Med	Mn
2010-2040	6	3	1	7	3	1	7	4	2	7	4	2
2040-2070	11	7	4	11	7	4	14	10	8	14	10	7
2070-2100	14	9	6	14	9	6	24	17	12	24	17	11

A estimación media considerando o peor escenario (RCP 8.5) para o territorio da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, é dun incremento medio dun 4% para o intervalo entre 2010-2040, dun 10% entre 2040-2070 e dun 17% entre 2070-2100, igual que para o conxunto de España. Este incremento suporá o aumento das perdas producidas por evapotranspiración, e polo tanto a diminución de auga dispoñible, sendo os factores que provocan a súa variación a radiación solar, a temperatura do aire, a insolación, o vento, etc

- **Evapotranspiración real.** Cantidade de auga realmente evapotranspirada pola superficie evaporante. Este valor depende das condicións climáticas, da resistencia á transferencia e das características de humidade dispoñible. Na seguinte táboa preséntanse diferentes estimacións, tendo en conta que o valor da media anual en España de 454 mm.

Táboa 89. Porcentaxe de variación da ETR en España e na Confederación Hidrográfica Miño-Sil (Fonte: Avaliación do Impacto do Cambio Climático nos Recursos Hídricos e Secas en España)

Incremento ETR anual medio (%)	RCP 4.5						RCP 8.5					
	España			CHMS			España			CHMS		
	Max	Med	Mn	Max	Med	Mn	Max	Med	Mn	Max	Med	Mn
2010-2040	4	-1	3	2	1	0	0	-3	-3	2	1	0
2040-2070	-2	-3	-5	3	2	1	0	-4	-7	4	2	-1
2070-2100	0	-3	-5	4	2	1	-2	-6	-11	6	4	-1

A estimación media considerando o peor escenario (RCP 8.5) diferirá no ámbito de España e no da CH Miño-Sil, sendo a tendencia decrecente no primeiro caso e crecente no segundo. No análise destes valores, recollendo cifras do ámbito Miño-Sil xa que será máis específico, obsérvase un aumento dun 1% para o intervalo entre 2010-2040, dun 2% entre 2040-2070 e dun 4% entre 2070-2100.

- **Humidade relativa.** Cantidade de vapor de auga que contén unha masa de aire con respecto a cantidade máxima que podería conter á mesma temperatura. As estimacións para o intervalo 2010-2100 preséntanse na seguinte táboa, tendo en conta que o valor anual medio da humidade relativa na estación máis próxima ao municipio de Begonte é dun 84% (o 0% nesta porcentaxe indica aire seco, mentres que o 100% será cando o aire está saturado).

Táboa 90. Porcentaxe de variación da Humidade Relativa en España e na Confederación Hidrográfica Miño-Sil (Fonte: Avaliación do Impacto do Cambio Climático nos Recursos Hídricos e Secas en España)

Incremento HMR anual medio (%)	RCP 4.5						RCP 8.5					
	España			CHMS			España			CHMS		
	Max	Med	Mn	Max	Med	Mn	Max	Med	Mn	Max	Med	Mn
2010-2040	2	-2	3	1	-2	-5	0	-2	-4	-1	-3	-5
2040-2070	-2	-4	-6	-3	-5	-7	-2	-5	-9	-4	-6	-8
2070-2100	-1	-5	-10	-2	-5	-9	-4	-8	-12	-6	-10	-14

A estimación media considerando o peor escenario (RCP 8.5) é dunha diminución media dun 3% para o intervalo entre 2010-2040, dun 6% entre 2040-2070 e dun 10% entre 2070-2100 (o que correspondería a un valor dun 70% neste intervalo).

- **Recarga de acuíferos.** Este concepto representará a cantidade de auga que entra na zona saturada e que comeza a formar parte das reservas subterráneas. A continuación preséntase unha táboa cas estimacións diferenciadas no escenario RCP 4.5 e 8.5 e en diferentes tramos do período entre 2010 e 2100.

Táboa 91. Porcentaxe de variación da recarga de acuíferos en España e na Confederación Hidrográfica Miño-Sil (Fonte: Avaliación do Impacto do Cambio Climático nos Recursos Hídricos e Secas en España)

	RCP 4.5						RCP 8.5					
	España			CHMS			España			CHMS		
Incremento REC anual medio (%)	Max	Med	Mn	Max	Med	Mn	Max	Med	Mn	Max	Med	Mn
2010-2040	15	-3	-13	6	-2	-7	1	-7	-13	-2	-5	-10
2040-2070	-2	-11	-22	-5	-9	-13	4	-14	-28	-3	-10	-16
2070-2100	1	-13	-28	1	-9	-15	-6	-24	-40	-7	-17	-24

A estimación media considerando o peor escenario (RCP 8.5) ten unha tendencia decrecente. As variacións medias alcanzadas no territorio español serán maiores que na Confederación Hidrográfica Miño-Sil, as cales representan unha diminución media dun 5% para o intervalo entre 2010-2040, dun 10% entre 2040-2070 e dun 17% entre 2070-2100.

- **Escorrentía total.** Auga que se escorre, tanto superficial (produto da precipitación de auga de choiva, neve, etc e é unha das principais causas de erosión) como de forma subterránea (é a que se infiltra no chan ata acadar o nivel freático), pola rede de drenaxe ata alcanzar a rede fluvial.

Os principais factores que afectan á escorrentía resúmense en climáticos (precipitación, evaporación, transpiración) e fisiográficos (características do chan, da cunca e a capacidade de transporte e almacenamento) polo que a continuación preséntase a seguinte táboa con estimacións para os diferentes ámbitos e períodos.

Táboa 92. Porcentaxe de variación da escorrentía en España e na Confederación Hidrográfica Miño-Sil (Fonte: Avaliación do Impacto do Cambio Climático nos Recursos Hídricos e Secas en España)

	RCP 4.5						RCP 8.5					
	España			CHMS			España			CHMS		
Incremento ESC anual medio (%)	Max	Med	Mn	Max	Med	Mn	Max	Med	Mn	Max	Med	Mn
2010-2040	20	-3	-13	11	-3	-10	4	-7	-14	2	-6	-14
2040-2070	-1	-11	-23	-3	-11	-16	9	-14	-29	4	-11	-18
2070-2100	4	-13	-31	4	-10	-21	-1	-24	-43	-2	-19	-29

Analizando as variacións estacionais nestes períodos, representadas na seguinte figura, obsérvase a tendencia decrecente da serie temporal (cabe destacar que nas zoas máis secas apenas se xeran cambios neste indicador). Nos tres períodos presentados o descenso será menor en inverno, mentres no resto de estacións o cambio será superior.

Entre 2010-2040 este descenso cífrase nun 6%, entre 2040- 2070 nun 11% e entre 2070-2100 nun 19%.


Finalmente, entre 2010 e 2100 no ámbito da Confederación Hidrográfica Miño-Sil estímase o aumento da evapotranspiración real e potencial e a diminución das precipitacións. Este descenso provoca que o chan perda humidade, que se produza unha menor escorrentía e polo tanto unha menor recarga de acuíferos, o que terá impacto directo nos ecosistemas e na agricultura.

A partir dos resultados obtidos no estudio do CEH (2017), prognostícase que, en xeral, as secas en España serán máis frecuentes conforme avance o século XXI, co consecuente aumento da escaseza de auga en España debido á redución dos recursos hídricos.

A continuación, móstranse os gráficos que representan os resultados da avaliación do impacto climático no réxime de secas da Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil. En cada gráfica móstranse os cambios na frecuencia de secas de 2 e 5 anos segundo as distintas proxeccións e escenarios de emisións RCP (siglas en inglés de Representative Concentration Pathways, Sendas Representativas de Concentración) que son os novos escenarios de emisión de gases de efecto invernadoiro: RCP 8.5 (o máis negativo xa que supón niveis máis altos de CO2 na atmosfera) e o RCP 4.5 (o máis moderado e que presentará un menor impacto sobre o ciclo hidrolóxico).

O cambio ilústrase mediante curvas que expresan a relación entre o período de retorno de secas e o mínimo déficit anual para cada un dos tres períodos de impacto (PI) futuros fronte ao período de control (PC) Case todas as proxeccións seguen a tónica xeral de unha maior frecuencia de secas conforme avanza o século XXI. Aprécianse escasas diferencias entre os resultados aportados por ambos escenarios de emisións, se ben as secas tenderían a ser máis frecuentes no escenario RCP8.5.

RCP 4.5







Figura 30. Período de retorno de secas no Miño-Sil para diferentes déficits medios anuais e duración 2 anos (arriba) e 5 anos (debaixo) para o PC e os tres PI segundo cada unha das proxeccións RCP4.5. (Fonte: CEH-2017)

RCP 8.5






Figura 31. Período de retorno de secas no Miño-Sil para diferentes déficits medios anuais e duración 2 anos (arriba) e 5 anos (debaixo) para o PC e os tres PI segundo cada unha das proxeccións RCP8.5. (Fonte: CEH-2017)

No referente á Demarcación Hidrográfica Miño-Sil e ao Concello de Begonte, en liñas xerais, é igual que para o conxunto de España e en concreto para as demarcacións do norte, a maioría das proxeccións prognostican un aumento da frecuencia de secas canto máis nos afastamos no tempo.

Segundo o Plan Hidrolóxico da Confederación do Miño-Sil as precipitacións medias e as aportacións medias acumuladas no escenario de cambio climático para o Sistema de Explotación Miño Alto serían as seguintes:

Táboa 93. Precipitación media por sistema de explotación no escenario de cambio climático (Fonte: PHDMS)

Sistema de explotación	OUT	NOV	DEC	XAN	FEB	MAR	ABR	MAI	XUÑ	XUL	AGO	SET	ANUAL
Miño Alto	118,27	136,98	155,26	139,68	121,81	107,84	93,36	90,11	57,88	30,25	37,57	65,82	1154,84

Táboa 94. Achega total media acumulada por sistema de explotación e masa de auga no escenario de cambio climático (Fonte: PHDMS)

Sistema de explotación /Masa de auga	OUT	NOV	DEC	XAN	FEB	MAR	ABR	MAI	XUÑ	XUL	AGO	SET	ANUAL
Miño Alto	155,20	276,29	466,07	488,82	437,22	359,75	275,19	225,22	140,93	87,95	68,62	67,04	3048,30
ES378MAR000220	57,91	112,23	186,64	195,55	170,93	149,24	111,00	89,21	54,21	36,19	28,30	26,81	1.218,22
ES381MAR000080	5,55	10,66	18,07	19,68	18,46	15,33	11,57	9,13	6,02	4,10	3,15	2,85	124,57
ES385MAR000120	27,64	55,93	94,09	94,18	76,83	68,24	50,79	40,05	22,7	14,88	11,77	12,00	569,07
ES386MAR000150	3,42	7,84	12,93	13,67	9,15	9,09	6,63	5,19	2,83	1,87	1,46	1,47	75,54
ES389MAR000170	4,90	10,61	17,25	17,68	12,96	12,3	9,48	7,06	3,96	2,52	1,96	1,91	102,59

Para avaliar a situación concreta do concello de Begonte preséntase a seguinte figura cas precipitacións e temperaturas medias entre 2016 e 2020 (rexistros facilitados por Meteogalicia) na estación máis preta, que neste caso será a de Sambreiro (Guitiriz).




Figura 32. Indicadores climáticos (Fonte: Datos medidos na estación Sambreiro)

Se analizamos a tendencia da choiva neste período pódese ver a diminución de precipitacións existentes nos invernos entre 2016 e 2020. Se as cifras medias nestes invernos supera amplamente os 250 L/m², en 2018 a cifra máxima sitúase por debaixo desa cifra, co que podemos entender un descenso na recarga das masas de auga.

A continuación recóllense tamén os últimos datos de caudais medios e aportacións publicados pola CHMS (anuarios de aforos) da estación de aforo situada no río Ladra ao seu paso por Begonte (A008-1619):




Figura 33. Qmedios (m³/s) medidos na estación de aforo do Río Ladra ao seu paso por Begonte (Fonte: Informes anuais aforos CHMS)

Neste caso, nos invernos dos anos 2011-2012 e 2016-2017 os caudais medios medidos na estación de aforo situada no Río Ladra en Begonte son significativamente inferiores ao resto de anos dos que se dispón de datos.

Se comparamos coa gráfica de datos históricos de aportación anual (hm³) medidos na estación de aforo do Río Ladra, obsérvase que nos últimos anos os períodos 2007-2008, 2011-2012 e 2016-2017 a aportación foi moito menor.




Figura 34. Aportación anual (hm³) medida na estación de aforo do Río Ladra ao seu paso por Begonte (Fonte: Informes anuais aforos CHMS)

Por outro lado, se avaliamos o nivel alcanzado polos piezómetros de seguimento das masas subterráneas para o período 2016-2020, sendo os máis próximos a Begonte os situados en:

- Castro de Rei (Matodoso 1 e 2): avalíase o estado da masa 11.001. Preséntanse a continuación os datos referentes aos últimos 5 anos.

Táboa 95. Profundidade da masa subterránea 11.001 en Matodoso (Fonte: CHMS)

PROFUNDIDADE DA AUGA (m)												
Matodoso 1	XAN	FEB	MAR	ABR	MAIO	XUÑ	XULL	AGO	SET	OUT	NOV	DEC
2016	7,78	7,43	7,84	7,7	8,64	8,99	10,71	10,57	10,74	10,71	9,18	9,35
2017	9,06	8,32	8,64	9,28	9,82	10,04	10,33	10,86	10,68	10,81	10,51	9,08
2018	8,58	8,12	8,02	8,34	9,73	9,05	10,23	10,8	10,9	10,79	9,3	8,49
2019	8,53	8,79	9,21	8,92	9,49	10,33	11,18	11,07	11,08	10,37	8,77	8,4
2020	8,38	8,65	8,31	8,58	9,9	10,65	10,86	10,6	10,98	10,38	9,69	8,83

PROFUNDIDADE DA AUGA (m)												
Matodoso 2	XAN	FEB	MAR	ABR	MAIO	XUÑ	XULL	AGO	SET	OUT	NOV	DEC
2016	2,59	2,23	3,11	2,75	3,04	3,05	3,66	3,91	3,7	3,05	2,19	2,32
2017	2,3	2,36	2,63	3,39	4,28	4,73	5,2	5,45	5,39	4,75	4	3,42
2018	3,1	2,93	3	2,84	3,85	3,23	4,27	4,87	5,2	4,62	2,86	2,96
2019	3,16	3,51	3,37	3,38	3,6	4,69	5,29	5,5	5,67	4,18	3,66	3,4
2020	3,82	4,11	3,97	4,13	4,87	5,59	5,8	5,78	5,69	5,27	4,4	4,44

Nesta serie de datos preséntanse unha tendencia definida na que o valor máis crítico serían os 11,18 metros de profundidade acadados en xullo de 2019 en Matodoso 1 e os 5,8 metros de profundidade en xullo de 2020 en Matodoso 2 .




Figura 35. Profundidade da auga nos piezómetros de Matodoso 1 e 2 (Fonte: Informes anuais aforos CHMS)

Na seguintes figuras pódense observar como entre maio e outubro a profundidade á que se encontra a auga é maior, e entre os meses de outubro e abril a profundidade á que se encontra a auga é menor. Esta variación implica que a demanda de auga durante eses meses é maior a cantidade de auga que entra no acuífero (pola falta de precipitacións). Finalmente, entre os meses de outubro e abril prodúcese a recarga do acuífero e “volta” os valores iniciais.

Obsérvase que en xeral nos últimos anos aumentou a profundidade á que se encontra a auga, tanto nos meses de verán como durante o inverno, sobre todo en Matodoso 2.

Para a avaliación do risco en Begonte recóllense as simulacións presentadas pola Plataforma sobre Adaptación ao Cambio Climático en España (AdapteCCA), correspondentes ao escenario RCP 8.5, das que a continuación se mostran os datos:

Os resultados obtidos para Begonte entre os anos 2006 e 2100 son:

- **Temperatura máxima:** Temperatura máxima diaria do aire a 2 metros sobre o chan.

Tª Máxima (Media)				Tª Máxima (Proxección)			
2006	2011	2016	2021	2025	2050	2075	2100
14,76	15,25	14,64	15,06	15,40	16,54	17,45	18,41




Figura 36. Proxeccións temperatura máxima escenario RPC 8.5. (Fonte: AdapteCCa.)

Entre os anos 2006 e 2025 aumentou lixeiramente a temperatura media máxima, estimándose neste período de 20 anos unha subida de 0.3 °C aproximadamente. A proxección entre 2025 e 2100 ofrece datos superiores, xa que se estima unha subida de aproximadamente 3.0 °C. De seguir a tendencia os valores medios deberían subir 1,5°C, polo que a estimación é o dobre.

- **Temperatura máxima extrema:** É o máximo de temperaturas máximas diarias nun período de tempo.

Tª Máxima Extrema (Media)				Tª Máxima Extrema (Proxección)			
2006	2011	2016	2021	2025	2050	2075	2100
33,10	33,91	33,99	35,21	35,75	36,36	37,00	37,38

Escenarios AdapteCCa - Temperatura máxima extrema - Datos en rejilla ajustados (media) - RCP 8.5 - Año completo - Be




Figura 37. Proxeccións temperatura máxima extrema escenario RPC 8.5. (Fonte: AdapteCCa.)

Entre os anos 2006 e 2021 aumentou a temperatura máxima extrema media, estimándose nestes 15 anos unha subida de 1,3°C aproximadamente. A proxección entre 2025 e 2100 contempla unha subida menor que a tendencia actual de aproximadamente 1,63°C.

- **Duración máxima de olas de calor:** Duración máxima dunha onda de calor nun período de tempo. Unha onda de calor defínese como polo menos 5 días consecutivos con temperaturas máximas por encima do percentil 90 dun período climático de referencia.

Duración máx. olas de calor (Media)				Duración máx. olas de calor (Proxección)			
2006	2011	2016	2021	2025	2050	2075	2100
8,44	9,06	10,94	11,5	13,12	15,62	19,19	26,31

Escenarios AdapteCCa - Duración máxima de olas de calor - Datos en rejilla ajustados (media) - RCP 8.5 - Año completo




Figura 38. Proxeccións duración máxima olas de calor escenario RPC 8.5. (Fonte: AdapteCCa.)

No caso das ondas de calor a variación media para os primeiros 15 anos é de aproximadamente 3 días, mentres que entre 2025 e 2100 esta valor aumenta en 13,2 días. De seguir a tendencia dos valores medios este valor debería aumentar en 15,3 días, polo que se aprecia unha lixeira diferenza.

- **Precipitación (mm/día):** Precipitación acumulada nun día, en calquera das súas formas (choiva, neve, graíno, etc.).

Precipitación (Media)				Precipitación (Proxección)			
2006	2011	2016	2021	2025	2050	2075	2100
3,37	3,14	3,99	3,2	3,34	3,07	2,96	3,06

Escenarios AdapteCCa - Precipitación - Datos en rejilla ajustados (media) - RCP 8.5 - Año completo - Begonte (Galicia)




Figura 39. Proxeccións precipitacións escenario RPC 8.5. (Fonte: AdapteCCa.)

Analizando as cifras das precipitacións medias entre 2006 e 2021 vense claras oscilacións na tendencia nos datos quinquenais presentados, xa que decrece-crece-decrece. Esta variación na tendencia ocorre tamén na proxección de datos entre 2025 e 2100, obtendo unha valor inferior de precipitación para o ano 2100.

- **Máximo número de días consecutivos con precipitación menor a 1 mm:** Número máximo de “días secos” consecutivos nun período de tempo, isto é, días cuxa precipitación non superou o limiar de 1mm.

Máx. nº días consecutivos precipitación <1mm (Media)				Máx. nº días consecutivos precipitación <1mm (Proxección)			
2006	2011	2016	2021	2025	2050	2075	2100
25,5	25,19	24,5	23,25	27,44	32,06	34,56	35,31

Escenarios AdapteCCa - Máximo Nº de días consecutivos con precipitación <1 mm - Datos en rejilla ajustados (media) -




Figura 40. Proxeccións nº días consecutivos precipitación < 1 mm escenario RPC 8.5. (Fonte: AdapteCCa.)

Cos resultados reflectidos por este indicador pódese observar unha tendencia descendente existente entre 2006 e 2021. Sen embargo, para o 2100 espérase un incremento de case un 29% en comparación co dato referente a 2025.

- **Evapotranspiración potencial (ETP):** É a cantidade de auga que podería evapotranspirarse se a dispoñibilidade de auga é ilimitada, é dicir, consiste na taxa máxima á que podería evapotranspirar a auga dende a cuberta vexetal, superficies libres de auga, chan e vexetación nunhas condicións óptimas de subministro.

Evapotranspiración potencial (Media)				Evapotranspiración potencial (Proxección)			
2006	2011	2016	2021	2025	2050	2075	2100
60	61,17	59,51	60,57	61,4	64,15	66,42	70,15

Escenarios AdapteCCa - Evapotranspiración potencial - Datos en rejilla ajustados (media) - RCP 8.5 - Año completo - Be




Figura 41. Proxeccións evapotranspiración potencial escenario RPC 8.5. (Fonte: AdapteCCa.)

A variación da ETP entre 2006 e 2021 increméntanse en 0,57 mm, mentres que entre 2025 e 2100 este aumento dispárase máis de 8,75 mm.

Os valores de todos os indicadores son maiores, existindo casos como a duración máxima das olas de calor ou o número de días consecutivos con precipitacións menores a 1 mm nos que se produce un destacado crecemento.

10. DEFINIÇÃO DE ESCENARIOS DE SECA E CONDIÇÕES DESENCADEANTES

O plan de seca da Confederación hidrográfica do Miño-Sil establece que:

“O diagnóstico do escenario de seca prolongada realizarase mensualmente polo organismo de bacía, antes do día 15 do mes seguinte ao que correspondan os datos, en función da información ofrecida polo sistema de indicadores. O resultado será publicado na páxina web da Confederación Hidrográfica Miño-Sil.”

A seca prolongada debe entenderse como unha situación natural, persistente e intensa, cunha diminución das precipitacións provocadas por circunstancias pouco frecuentes e reflectida no abastecemento de auga. Por este motivo, os indicadores de seca prolongada deben identificar temporal e territorialmente a redución conxuntural da escorrentía por causas naturais, independente da xestión dos recursos pola acción humana.

O organismo de cunca establece unha clasificación territorial por zonas dentro do ámbito da súa competencia: Establece unha clasificación en 6 unidades territoriais tanto para Seca prolongada (UTS) coma para escaseza (UTE). O concello de Begonte pertence á Unidade Territorial de Seca 01 (Miño Alto), tanto para seca prolongada (UTS 01) coma para escaseza (UTE 01).

Defínense, en función dos indicadores de seguimento os seguintes escenarios propostos:

- **Normalidade:** Os indicadores mostran ausencia de escaseza, e todos os usos están garantidos. Trátase principalmente dunha fase de planificación e execución de medidas estratéxicas como estudos de alternativas, obras de infraestrutura, cambios normativos, etc. Trátase de reducir a vulnerabilidade do municipio a medio e longo prazo fronte ao risco de secas.
- **Prealerta:** Situación na que se identifica unha diminución dos recursos dispoñibles que poden supoñer un risco para a atención das demandas. Nesta fase deberanse priorizar as medidas orientadas ao incremento da vixilancia e control facendo fincapé na preparación do sistema para unha posible entrada en escenario de alerta.
- **Alerta:** Situación na que se recoñece unha intensificación na diminución dos recursos dispoñibles existindo unha probabilidade significativa de chegar a unha situación de emerxencia por desabastecemento. Ademais das medidas anteriores poderanse aplicar medidas de comunicación e concienciación social e outras medidas de aforro de auga. Tamén se valoran medidas de restrición de usos non prioritarios (baldeo de rúas, enchido de piscinas, rega de xardíns e hortas, etc.). Aumentarase a vixilancia dos indicadores dos escenarios e do funcionamento do sistema de abastecemento por si fora necesario realizar un maior esforzo de potabilización nas augas de consumo humano.
- **Emerxencia:** Situación de máximo grado de afección por diminución dos recursos dispoñibles, alta probabilidade de desabastecemento que é o escenario a evitar.

As medidas nesta fase son todas as necesarias para ampliar a dispoñibilidade de recursos para os usos prioritarios, asegurando as necesidades básicas e a actividade económica esencial, e minimizando o deterioro das masas de auga. Contémpanse medidas máis restritivas que se implantarán gradualmente a medida que se agrave a situación: restricións a usos non esenciais, demandas menos prioritarias e en última instancia restricións ao abastecemento dos fogares.

A declaración desta situación poderá ser realizada pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil cando en unha ou varias unidades territoriais se dean:

- Escenarios de alerta que coinciden temporalmente co de seca prolongada durante polo menos dous meses.
- Os escenarios de emerxencia que coinciden temporalmente cos de seca prolongada durante polo menos dous meses, ou que, sen coincidir, amosan un claro afecto tras pasar por ela.

Para o caso concreto do concello de Begonte o Presidente-Alcalde terá capacidade para a declaración no termo municipal da situación excepcional no caso de que lle conste que concorren as devanditas circunstancias no concello ou existan situacións de desabastecemento grave de algúns dos núcleos do concello.

Os indicadores son aqueles parámetros que son controlados para a recollida de información que permita avaliar o nivel de seca. O Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica Miño-Sil establece unha serie de indicadores que serán empregados polo organismo de cunca para a determinación dos diferentes escenarios de seca.

Un aspecto fundamental na selección de indicadores é a de converterse en instrumentos de axuda á toma de decisións. Desta maneira, ademais de identificar os escenarios que caracterizan as situacións de seca ou escaseza, sirve como criterio de accións e medidas de xestión que permitan retardar a chegada de situacións máis extremas e minimizar os impactos socioeconómicos e ambientais ocasionados pola seca prolongada e a escaseza conxuntural.

No caso de Begonte carecemos de datos reais de recursos dispoñibles ou doutros episodios de seca. Establécense os indicadores de seguimento en función do volume almacenado nos depósitos que dan servizo aos diferentes núcleos do concello, de maneira que se poida prever ou adiantarse aos problemas que poden darse nun escenario de seca, e que permitan ir adoptando medidas a nivel municipal para facer un uso óptimo dos recursos, fomentando o aforro en todo momento e especialmente en situacións fora da normalidade.

O concello establecerá mecanismos de control de nivel en continuo nos depósitos de auga de abastecemento coa finalidade de coñecer con detalle a marxe de manobra dos sistemas de abastecemento e a súa capacidade de recuperación.

O axeitado sería dispor dun sistema automático de control mediante sensor de nivel con medición en continuo. Namentres o seguimento en continuo non sexa posible establece o seguinte plan de seguimento:

Namentres o seguimento en continuo non sexa posible establececese o seguinte plan de seguimento:

- Normalidade: Revisión trimestral do estado de depósitos e nivel de auga neles.
- Prealerta: Revisión semanal do nivel de auga nos depósitos en horas punta.
- Alerta: Revisión cada 2 días do nivel de auga nos depósitos en horas punta.
- Emerxencia: Revisión diaria do nivel de auga nos depósitos en horas punta.

Para os casos de traídas veciñais que non sexan de titularidade municipal nin tampouco teña asumida a súa xestión, o concello realizará o seguimento de indicadores en base ás competencias que os órganos de xestión veciñal das augas lle transfiran en base aos acordos bilaterais que poidan establecerse. Noutro caso o seguimento de indicadores será responsabilidade dos axentes designados polo órgano de xestión da comunidade de usuarios.

Ademais dos indicadores de seguimento específicos para o concello asumiranse como propios os estados de alerta que a CHMS determine en cada momento para o territorio da Unidade Territorial á que pertence (UTE 01).

LIMIARES/INDICADORES DE SECA

O volume almacenado nos depósitos que dan servizo aos diferentes núcleos do concello, constitúe o indicador que permita establecer os distintos escenarios propostos e por tanto as medidas específicas para cada caso:

Escenario de normalidade

O volume dos diversos depósitos de abastecemento de auga neste escenario é do 100%, e os recursos para satisfacer as demandas existentes están garantidos.

Escenario de prealerta

As reservas existentes e as previsións de aportación fan probable que a situación de seca se produza nun prazo medio. Existe nalgunha zona do territorio a probabilidade de producirse certo nivel de desabastecemento. O volume de almacenamento será da orde do 80 % do total, prestando especial atención ao depósito de Santalla onde se detectaron problemas de escaseza en anos anteriores.

Escenario de alerta

Nesta fase a probabilidade de chegar a unha situación de emerxencia por desabastecemento é significativa, detéctase unha redución significativa nos caudais de aportación (carecemos de rexistros reais) e é preciso implementar medidas de carácter máis restritivo.

Establécese un horizonte de 3-5 días, no depósito de Santalla que permita por en marcha as medidas específicas desta fase garantindo o servizo.

Para o caso do depósito de Gaibor as medidas a por en marcha neste escenario deberán implementarse sen un horizonte temporal (capacidade inferior a 3 días), unha vez detectada a diminución dos caudais de aportación que non permitan a recuperación dos volumes consumidos. Estímase para esta situación unha porcentaxe mínima de almacenamento do 50-60% do total que marcará o limiar de entrada no escenario de alerta.

Igualmente, no caso do depósito de O Lousado tomaranse as mesmas medidas que no depósito de Gaibor.

Por outro lado, o depósito de Baamonde está proxectado para levar a cabo o abastecemento do futuro polígono industrial de Baamonde.

Recóllense a continuación os volumes de almacenamento (limiar), para os que o servizo están garantido en cada núcleo mentres se poñen en marcha as citadas medidas:

Táboa 96. Indicadores de seguimento e limiares en situación de alerta (Fonte: Elaboración propia)

Depósito	Indicador	Limiar (% volume almacenado)
Santalla	Volume auga	40-65% (3-5 días)
Gaibor	Volume auga	50-60%
Baamonde	-	-
O Lousado	-	50-60%

Escenario de emerxencia

Escenario de maior gravidade con alta probabilidade de desabastecemento, onde os caudais de aportación son practicamente inexistentes e a capacidade de almacenamento redúcese drasticamente. Estímase para esta situación unha porcentaxe mínima de almacenamento do 20-30% do total que marcará o limiar de entrada no escenario de emerxencia.

Tamén se pode incluír neste escenario, outras situación que impliquen a falta de recurso e aportación de caudais: como fallo do sistema de bombeo, cortes eléctricos xeneralizados, etc.

Para o depósito de Santalla, no que os consumos son menores, establécese un horizonte de 1-2 días, que permita por en marcha as medidas específicas desta fase. Recóllense a continuación os volumes de almacenamento (limiar), para os que o servizo están garantido en cada núcleo mentres se poñen en marcha as citadas medidas:

Táboa 97. Indicadores de seguimento e limiares en situación de emerxencia (Fonte: Elaboración propia)

Depósito	Indicador	Limiar (% volume almacenado)
Santalla	Volume auga	13-26% (1-2 días)
Gaibor	Volume auga	20-30%
Baamonde	-	-
O Lousado	Volume auga	20-30%

11. MEDIDAS PARA FACER FRONTE AOS RISCOS POR SECA EN CADA ESCENARIO CONSIDERADO

Defínense unha serie de medidas a adoptar para cada escenario definido co fin de minimizar os efectos negativos da seca. As medidas poden ser de diversos tipos e terán en conta a súa repercusión medioambiental, social e económica establecendo como obxectivo prioritario a garantía de satisfacción do abastecemento humano.

A competencia para a implantación destas medidas será municipal.

En función do alcance temporal

Estratéxicas ou preventivas: Son as medidas encamiñadas a reducir a vulnerabilidade dos sistemas municipais de abastecemento. O obxectivo principal é o reforzo estrutural do sistema e o fortalecemento das capacidades sociais e institucionais para aumentar a súa capacidade de resposta, asegurando o cumprimento de garantías de demanda e requirimentos ambientais. Son de aplicación en escenarios de normalidade.

Conxunturais: Son aquelas medidas encamiñadas a dar resposta a unha situación de prealerta, alerta ou emerxencia por desabastecemento durante un período acoutado no tempo. O obxectivo é evitar avanzar cara o seguinte escenario e a súa aplicación deberá desactivarse unha vez superada a situación de seca. Son medidas de xestión e non de desenvolvemento de obras ou infraestruturas.

En función do ámbito de actuación

Técnicas: Encamiñadas a ofrecer solucións relacionadas cas infraestruturas do sistema de abastecemento: optimización, construción de infraestruturas de emerxencia, etc.

Institucionais: Actuacións de ámbito administrativo, normativo ou institucional: creación dun comité da seca, mellora da coordinación institucional, definición de responsabilidades, etc.

Socioeconómicas: Indicadas para incidir sobre os patróns de uso da auga a través de incentivos económicos e capacitación social: campañas de concienciación e formación, mellora da información aos usuarios, programas educativos, etc.

Ambientais: Encamiñadas á conservación, mantemento e mellora das condicións ambientais das masas de auga e dos ecosistemas acuáticos sobre os que se incide.

En función da súa incidencia

Sobre a oferta de auga: Medidas encamiñadas a aumentar a oferta de auga: pozos de seca, procura de recursos alternativos, uso de camións cisterna, etc.

Sobre a demanda: Encamiñadas a reducir a demanda de auga: campañas de concienciación para o aforro de auga, restricións, penalizacións ao consumo, etc.

A continuación recóllense as medidas propostas para cada escenario que posteriormente se desenvolverán en cada ficha correspondente.

MEDIDAS EN FASE DE NORMALIDADE

- Seguimento das predicións estacionais e dos caudais circulantes, aportación etc. a través dos sistemas de información existentes.
- Mellora do coñecemento do Ciclo Integral da Auga mediante un diagnóstico do sistema.
- Plan de mantemento e mellora da rede de abastecemento e saneamento municipal.
- Fontes alternativas de subministro como aporte complementario de auga para subministro procedente de fontes non utilizadas actualmente ou destinadas a outros usos.
- Actuacións para interconexión de sistemas de abastecemento veciñais.
- Actuacións de ampliación da rede municipal de abastecemento.
- Instalación ou posta a punto de sistemas de motorización e control.
- Constitución dun comité da seca.
- Establecemento dun marco de información e comunicación con autoridades e institucións responsables en cada ámbito.
- Deseño, planificación e programación de campañas de aforro prevención e sensibilización cidadá.
- Creación dun portal web de difusión de información sobre o CIA na páxina web do Concello.
- Desenvolvemento e aprobación de canons de seca permanentes, o conxunturais para aplicar en escenarios de emerxencia.
- Identificación de posibles entidades que poderían abastecer ao municipio mediante camións cisterna (empresa o entidade, volume de auga, prezo).
- Implantación de elementos de baixo consumo en instalacións municipais.
- Posta a punto das infraestruturas de saneamento de augas residuais

MEDIDAS EN FASE DE PREALERTA

- Seguimento das predicións estacionais e dos caudais circulantes, aportación etc. a través dos sistemas de información existentes.
- Control de consumos e caudais e dos niveis das fontes de auga.
- Posta a punto de infraestruturas de emerxencia e dos recursos alternativos.
- Iniciar campañas de información e publicación de previsións sobre a posible evolución do problema.
- Vixilancia sobre vertidos de augas residuais

MEDIDAS EN FASE DE ALERTA

- Seguimento das predicións estacionais e dos caudais circulantes, aportación etc. a través dos sistemas de información existentes.
- Posta en marcha de recursos alternativos e infraestruturas de emerxencia.
- Intensificación das campañas de control de consumos, redución de perdas e da monitorización da calidade da auga.
- Reforzo das campañas de información e concienciación.
- Establecemento de restricións de usos non prioritarios.
- Modulación de consumos a través de control de presións.

- Activación do canon de seca e outras medidas sobre tarifas.
- Activación do comité de seguimento da seca e do plan de seguimento de indicadores. Coordinación entre Administracións e entidades públicas e privadas vinculadas ao problema.
- Intensificación do control e seguimento dos vertidos.

MEDIDAS EN FASE DE EMERXENCIA

- Seguimento das predicións estacionais e dos caudais circulantes, aportación etc. a través dos sistemas de información existentes.
- Reforzo de campañas de aforro, información e concienciación.
- Declaración institucional de situación de emerxencia.
- Reunións periódicas do comité de seguimento da seca.
- Continuar coa prohibición de usos non esenciais.
- Subministro de auga mediante camiións cisterna.
- Aumento da vixilancia sobre vertidos de augas residuais
- Mobilización conxuntural de recursos extraordinarios,
- Restricións horarias ao abastecemento en fogares.

ACTIVIDADES A DESENVOLVER FINALIZADA A SITUACIÓN CRÍTICA

- Desactivación dos niveis de alerta

Conforme a situación evolucione favorablemente desactivaranse de maneira progresiva as medidas adoptadas para os escenarios máis graves e, una vez superada a situación crítica de escaseza, abordaranse medidas de recuperación sobre as masas de auga afectadas. Entre estas medidas de recuperación poden figurar as seguintes:

- Aportación de caudais e volumes necesarios para a recuperación de ecosistemas e outras medidas correctoras.
- Compensación das reservas estratéxicas utilizadas e, no seu caso, dos descenso piezométricos provocados pola sobreexplotación planificada dos recursos subterráneos.

- Análise das circunstancias do episodio da seca

Unha vez superada a situación, o concello de Begonte preparará un informe postseca, no que se incluírá unha avaliación dos seguintes aspectos:

- Factores de orixe da situación de seca (meteorolóxicos, hidrolóxicos, usos da auga, etc.)
- Efectividade das medidas tomadas pola comisión de seca.
- Impactos socioeconómicos producidos polas situacións de escaseza
- Impactos ambientais producidos polas situacións de seca prolongada.

- Planificación de medidas

Sobre a base da análise realizada para o coñecemento dos factores que rodearon a situación de seca, será realizado un exercicio de reflexión sobre posibles medidas de prevención e contención a medio e longo prazo, co obxectivo de minimizar efectos de novas situacións de seca semellantes.

12. ANÁLISE ECONÓMICO DO PLAN

A Directiva Marco da Auga (Directiva 2000/60/CE ou DMA) establece que o principio de recuperación dos custos dos servizos relacionados coa auga, incluídos os custos ambientais e os relativos aos recursos asociados aos danos ou para os efectos adversos sobre o medio acuático, deben terse en conta, en particular, en virtude do principio de que quen contamina paga.

Neste caso, a excepción da capitalidade o sistema de abastecemento está composto por traídas veciñais sen custos asociados ao servizo.

Na ficha descritiva de cada medida proposta inclúese unha valoración económica ou previsión de inversión anual, que comprenden tamén os custos adicionais derivados da implantación de cada medida (custe enerxético, controis de calidade, etc.).

Os mecanismos de recuperación ou financiamento destes custos adicionais poden consistir na xeración de recursos propios a través do establecemento de canons especiais de seca (MMA-AEAS, 2007) que poden ser de dous tipos:

- Canon conxuntural de seca: aplicación dunha tarifa especial para situacións de seca. Ademais dunha medida para recuperar os custos, pode servir tamén para incentivar o aforro. A incorporación desta medida permitirá a súa activación automática cando se presenta unha seca e alcáncese o escenario que contempla a medida. Desta maneira facilítase a súa aplicación e aceptabilidade social. Esta medida deberá ser anulada no momento no que o sistema volva ao funcionamento normal, unha vez superada a seca.
- Canon permanente de seca: establecer con carácter permanente unha dotación económica para situacións de seca en previsión dos custos adicionais que se producirán cando o ciclo de seca faga a súa aparición. Esta modalidade ten a vantaxe de achegar fondos para accións preventivas en tempos de normalidade meteorolóxica que, como se argumenta noutra parte desta Guía, é o enfoque máis adecuado para a xestión das secas.

No caso de municipios con pouca poboación e con escasa capacidade recadadora, a financiación dos custos de xestión dos riscos por seca deberá provir de instancias superiores (Deputacións, comunidades autónomas, liñas de financiación especiais). Para iso lévase a cabo elaboración do presente PXES como instrumento para a obtención desta financiación.

13. ELABORACIÓN, TRAMITACIÓN, APROBACIÓN E ADOPCIÓN DO PLAN

Para a elaboración do Plan Municipal de Emerxencia e xestión do risco de seca do concello de Begonte leváronse a cabo as seguintes accións:

- Revisión das indicacións e do modelo de “Plan Municipal de emerxencia e xestión do risco da seca” publicado por Augas de Galicia co fin de organizar os traballos de redacción do mesmo no Concello de Begonte.
- Revisión doutra documentación referente ao municipio de Begonte como ortofotos, cartografía, enquisa de infraestruturas e equipamentos, etc.
- Solicitude de datos ao concello de demandas, caudais dispoñibles e volumes extraídos, custos, características da rede municipal de abastecemento e saneamento, rexistro de secas, medidas e regras de operación durante eventos de seca.
- Traballos de campo, con localización das infraestruturas que conforman tanto a rede municipal como as traídas veciñais. Durante a realización dos traballos de campo e debido á situación de emerxencia sanitaria na que nos encontrabamos, optouse por realizar reunións en campo individuais con representantes de cada núcleo de poboación que coñecían a situación real do sistema de abastecemento (localización das infraestruturas, necesidades...).
- Redacción do documento do Plan Municipal de Emerxencia e xestión do risco da seca do concello de Begonte.

Presentación do Plan de Emerxencia Inicial:

- Presentación do Plan de Emerxencia Inicial aos diferentes departamentos do Concello relacionados e recollida e estudo de alegacións.
- Presentación do Plan de Emerxencia Inicial ás diferentes asociacións e persoas interesadas con recollida e estudo de alegacións.
- Presentación do Plan de Emerxencia Inicial a Augas de Galicia.

Aprobación do Plan Municipal de Emerxencia e xestión do risco da seca do Concello de Begonte:

- O órgano plenario da Entidade local deliberará e no seu caso aprobará o Plan de Emerxencia Municipal e a resolución das reclamacións e suxestións presentadas. O texto aprobado definitivamente publicarase no Boletín Oficial da provincia e na sede electrónica da Entidade local.

14. AVALIACIÓN, SEGUIMIENTO E ADAPTACIÓN DO PLAN

A planificación non termina coa formulación dun determinado documento ou plan, senón que é un proceso continuo de reaxuste baseado na aprendizaxe. Por tanto O Plan Municipal de Emerxencia e xestión do risco de seca ser avaliado e actualizado cando se dea algunha das seguintes circunstancias:

- Cando existan cambios significativos ou actualizacións no PES ou PEM de rango superior aos que o presente Plan deba adaptarse.
- Cando haxa cambios significativos nalgún dos elementos substanciais do Ciclo Integral da Auga (abastecemento de auga potable e depuración de augas residuais), no marco institucional no que se desenvolve, ou noutro ámbito que afecte de maneira significativa as condicións de contexto ou os compoñentes esenciais do mesmo (demanda, oferta, infraestruturas).
- Tras un episodio de seca en base a informe de seguimento e avaliación. Durante cada episodio de seca deberase realizar un seguimento da situación, e unha avaliación da efectividade do Plan tras a súa finalización. Para iso aconséllase a creación dun comité de seguimento que analice e informe mensualmente polo menos do seguinte:
 - Evolución da seca nos ámbitos de planificación superiores (PES ou PEM da mancomunidade á que o municipio poida pertencer).
 - Evolución da dispoñibilidade dos recursos ordinarios e extraordinarios.
 - Evolución da demanda co obxecto de identificar os grandes consumidores no momento da seca.
 - Rexistro de incidencias e impactos producidos pola seca (sociais, económicos e ambientais).
 - Rexistro de medidas aplicadas en cada unha das fases e os resultados obtidos coa súa implementación.
- Ao final de cada episodio de seca deberase elaborar un informe post-seca coa información que o comité de seguimento xerese, incluíndo unha avaliación dos impactos da seca e da efectividade das medidas. Con este informe preténdese identificar aquelas medidas que foron eficaces para reducir os impactos da seca, e por tanto deben manterse, e aquelas que deben ser modificadas, substituídas ou eliminadas.
- Cada seis anos, no caso de que non se dera ou intentara algún dos supostos anteriores, intentando na medida do posible compasar os prazos de revisión do Plan aos dos Plans hidrolóxicos da demarcación na que se enmarque o sistema de abastecemento.





ANEXO I: FICHAS DE CARACTERIZACIÓN DAS CAPTACIÓNS

Captación	Fonte de Alonso/ Rede municipal
	<p>Traída principal da rede municipal con captación en manancial (Fonte de Alonso).</p> <p>Consta de cámara-pozo de captación (40 m. de profundidade) e impulsión (PE $\Phi=125$ mm) hasta o tanque de regulación situado na planta baixa do edificio de bombeo. Na planta alta localízanse as bombas, cadros eléctricos e almacén. A capacidade do tanque de regulación é de 22,1 m³.</p> <p>O tubo de saída do bombeo ao depósito de Gaibor é de PE ($\Phi=140-160$ mm).</p> <div style="text-align: center;">  </div> <p>O edificio de bombeo, a calderería do manancial de bombeo, ou as conexións ca rede municipal foron recentemente renovadas (ano 2018).</p>
Coordenadas	X: 605.537,1337 Y: 4.779.971,784
Autorización/concesión	Si
Perímetro protección	Si existe un perímetro de protección. Cerramento perimetral de todo o sistema.

Captacións	Santalla
Características	<p>Traída municipal que abastece ás parroquias situadas ao sur do municipio (Cerdeiras, Donalbai, San Vicente, Santalla e Viris). Está composta por varios puntos de captación subterráneas (manancial):</p> <p>Seis + dous pozos de 6 metros de profundidade, todos eles conectadas a un pozo de bombeo donde se ubica outra captación.</p> <p>Dende o pozo de bombeo parte un colector de impulsión de PE ($\Phi=75$ mm) ata o depósito de Santalla.</p> 



Coordenadas	X: 602521,6914 X: 602484,8972 X: 602484,3257 X: 602495,5846 X: 602498,077 X: 602494,1871 X: 602496,6795 X: 602492,7406 X: 602495,233	Y: 4772847,993 Y: 4772882,542 Y: 4772882,732 Y: 4772863,283 Y: 4772861,881 Y: 4772860,799 Y: 4772859,397 Y: 4772858,228 Y: 4772856,826
Autorización/concesión	Si	
Perímetro protección	Non existe un perímetro de protección delimitado, a localización das captacións en solos de especies arbóreas (segundo SIOSE 2014) está lonxe de núcleos de poboación e de outras actividades que poidan afectar á calidade da auga captada.	

Captación	Baamonde (Río Ladra)	
Características	<p>Traída municipal de abastecemento para o polígono previsto en Baamonde. Trátase dunha captación superficial e directa no río Ladra, entorno á presa do Muíño, mediante toma na marxe dereita do río (en profundidade) con arqueta e protexida mediante unha rexa metálica para evitar o paso de flotantes. Da mesma parte un colector de e diámetro ... ata a ETAP e bombeo de Baamonde.</p>  	
Coordenadas	X:603.593,8514	Y:4.781.836,937
Autorización/concesión	Si	
Perímetro protección	Si existe un perímetro de protección delimitado,	



Captación	O Lousado
Características	Traída veciñal con captación de manancial. Composta por unha arqueta ou cámara de captación da que parte un colector de diámetro 63 mm, cara o depósito de almacenamento situado nas proximidades.
Coordenadas	X: 600.725,4045 Y: 4.773.235,379
Autorización/concesión	Non
Perímetro protección	Non existe un perímetro de protección delimitado, a localización das captacións en solos de especies arbóreas (segundo SIOSE 2014) está fóra de núcleos de poboación e de outras actividades que poidan afectar á calidade da auga captada.



ANEXO II: FICHAS DE CARACTERIZACIÓN DAS MEDIDAS

A continuación recóllense para cada medida seleccionada unha ficha tipo que recolle a descrición da medida, o horizonte temporal, datas de inicio e fin, prazo necesario para entrar en funcionamento, orzamento total e anualizado, fontes de financiación de volume de auga a aforrar ou recursos adicionais que se esperan xerar coa implementación da medida.

ESCENARIO DE NORMALIDADE

Nome da medida	Seguimento das predicións estacionais e dos caudais circulantes, aportación etc. a través dos sistemas de información existentes.
Descrición da medida	Levarase a cabo un seguimento das predicións estacionais de AEMET, Meteogalicia e EFAS e farase un seguimento dos caudais circulantes, aportacións ou encoros a través dos sistemas de información existentes.
Horizonte temporal	Continua
Datas de inicio e fin	Calquera mes
Orzamento total e anualizado	-
Fontes de financiación	Financiado a través de medios propios do concello
Volume de auga aforrado recursos adicionais que se esperan xerar	-

Nome da medida	Mellora do coñecemento do Ciclo Integral da Auga mediante un diagnóstico do sistema.
Descrición da medida	<p>Levarase a cabo un estudo da situación actual das redes de abastecemento e saneamento veciñais e municipais do concello que conforman o Ciclo Integral da Auga, incidindo nos aspectos relacionados coa optimización dos recursos dispoñibles.</p> <p>O obxectivo será detectar as deficiencias do sistema de abastecemento e saneamento dende a captación ata o vertido, avaliando cada compoñente (captación, liñas de condución, depósitos, sistemas de desinfección e rede distribución, rede de colectores de saneamento, depuración e parámetros de vertido).</p> <p>Ese estudo servirá de guía para futuros proxectos de mellora e mantemento que permitan unha optimización do servizo reducindo o volume de perdas, e mellorando a calidade da auga potable.</p>
Horizonte temporal	Curto prazo (<3 anos)
Datas de inicio e fin	Calquera mes
Orzamento total e anualizado	50.000 €
Fontes de financiación	Financiado a través de medios propios do concello ou ben subvencións de outras administracións como Deputación, Xunta de Galicia, CHMS, ou liñas de financiación especiais.
Volume de auga aforrado recursos adicionais que se esperan xerar	-

Nome da medida	Plan de mantemento e mellora da rede de abastecemento e saneamento municipal.
Descrición da medida	<p>Tras a análise da situación levaranse a cabo as actuacións de mantemento e mellora das instalacións de abastecemento e saneamento existentes, incidindo nos aspectos de redución de perdas e mellora da calidade da auga.</p> <p>Levarase a cabo en xeral a mellora e mantemento das captacións e depósitos municipais ou veciñais e a renovación da rede que presente deficiencias ou perdas.</p>
Horizonte temporal	Continua
Datas de inicio e fin	Calquera mes
Orzamento total e anualizado	A estimar
Fontes de financiación	Financiado a través de medios propios do concello ou ben subvencións de outras administracións como Deputación, Xunta de Galicia, CHMS, ou liñas de financiación especiais.
Volume de auga aforrado recursos adicionais que se esperan xerar	Non existen datos reais.

Nome da medida	Fontes alternativas de subministro como aporte complementario de auga para subministro procedente de fontes non utilizadas actualmente ou destinadas a outros usos.
Descrición da medida	<p>Estudo previo de parámetros de calidade da auga, posibilidades de extracción e transporte da auga, garantía de continuidade, etc. de outras captacións existentes ou previstas para outros usos como de rega ou gandeiros ou ben coa execución de pozos de seca que se poidan por en servizo en escenarios de emerxencia.</p> <p>Por exemplo o depósito de Santalla que abastece ás parroquias de Cerdeiras, Donalbai, San Vicente, Santalla e Viris presenta problemas de auga sobre todo durante a época estival, polo que se estudiará a posibilidade de incorporar novas captacións ou fontes non explotadas ou ben con outros usos.</p> <p>Por unha parte existe a posibilidade de incorporar unha nova captación próxima ao depósito de Santalla (coordenadas aprox.: X: 601.584,8528; Y: 4.773.395,7442) que discorrerá un tramo en gravidade e posteriormente mediante impulsión ata o depósito de Santalla.</p> <p>A outra posibilidade é bombear dende O Lousado ata o depósito de Santalla, xa que segundo a información facilitada polo concello o recurso dispoñible de O Lousado permite satisfacer as carencias detectadas en Santalla.</p> <p>Esta actuación englobará por tanto os estudos previos de calidade da auga, posibilidades e extracción e transporte, etc, de novas captación non explotadas na actualidade ou destinadas a outros usos e as actuacións necesarias para incorporalas á rede de abastecemento veciñal ou municipal.</p>
Horizonte temporal	Continua
Datas de inicio e fin	Calquera mes

Orzamento total e anualizado	A estimar
Fontes de financiación	Financiado a través de medios propios do concello ou ben subvencións de outras administracións como Deputación, Xunta de Galicia, CHMS, ou liñas de financiación especiais.
Volume de auga aforrado recursos adicionais que se esperan xerar	Non existen rexistros dos volumes dispoñibles.

Nome da medida	Actuacións para interconexiónado de sistemas de abastecemento veciñais.
Descrición da medida	<p>Proxectos de interconexiónado entre sistemas veciñais, sempre que se garantan os volumes de auga necesarios que satisfagan as demandas dos fogares, e que permitan o intercambio de augas entre núcleos en caso de necesidade.</p> <p>Tal e como se recolle na medida anterior, existe a posibilidade de interconectar os recursos de O Lousado para satisfacer as carencias detectadas en Santalla.</p> <p>Trátase de apoiar sistemas con máis carencias fronte a outros que non as teñen, sempre tendo en conta que hai recursos suficientes.</p>
Horizonte temporal	Continua
Datas de inicio e fin	Calquera mes
Orzamento total e anualizado	A estimar
Fontes de financiación	Financiado a través de medios propios do concello ou ben subvencións de outras administracións como Deputación, Xunta de Galicia, CHMS, ou liñas de financiación especiais.
Volume de auga aforrado recursos adicionais que se esperan xerar	Non existen rexistros dos volumes dispoñibles.

Nome da medida	Actuacións de ampliación da rede municipal de abastecemento
Descrición da medida	Proxectos de conexiónado de novos núcleos ou vivendas á rede municipal, sempre que se garantan os volumes de auga necesarios que satisfagan as demandas dos aboados. Un maior número de aboados á rede municipal implica unha optimización do recurso, ao contar con sistemas de motorización e control, xunto con ter que pagar polo consumo realizado.
Horizonte temporal	Continua
Datas de inicio e fin	Calquera mes
Orzamento total e anualizado	A estimar
Fontes de financiación	Financiado a través de medios propios do concello ou ben subvencións doutras administracións como Deputación, Xunta de Galicia, CHMS, ou liñas de financiación especiais.
Volume de auga aforrado recursos adicionais que se esperan xerar	-



Nome da medida	Instalación ou posta a punto de sistemas de motorización e control.
Descrición da medida	<p>Unha das principais deficiencias e causas da falta de datos reais no concello de Begonte é a inexistencia de sistemas de motorización e control de volumes extraídos e de consumos nas traídas veciñais e na rede municipal.</p> <p>Propónse a instalación ou posta a punto de sistemas de motorización e control (caudalímetros, contadores, etc.) nas captacións, depósitos ou puntos de consumo, co fin de obter datos obxectivos de caudais dispoñibles e demandas de auga así como para a detección de avarías para reducir o consumo de auga.</p> <p>Instalación de contadores para a sectorización da rede, detección de avarías ou consumos excesivos nos núcleos.</p> <p>Terase en conta o especificado na orde ARM/1312/2009.</p>
Horizonte temporal	Curto prazo (< 3 anos)
Datas de inicio e fin	Calquera mes
Orzamento total e anualizado	60.000 €
Fontes de financiación	Financiado a través de medios propios do concello ou ben subvencións de outras administracións como Deputación, Xunta de Galicia, CHMS, ou liñas de financiación especiais.
Volume de auga aforrado recursos adicionais que se esperan xerar	Non existen rexistros dos volumes dispoñibles.

Nome da medida	Constitución dun comité da seca.
Descrición da medida	<p>Constitución dun Comité da Seca como órgano de xestión da seca. Será preciso establecer os integrantes, as competencias e responsabilidades, vías de comunicación e reunións segundo o escenario.</p> <p>Os integrantes do mesmo contarán co coñecemento suficiente sobre as distintas accións a tratar e coa suficiente capacidade de decisión sobre as actuacións a abordar. A modo enunciativo poderían ser:</p> <p><u>Dirección</u>: Alcaldía, concellería encargada do servizo de auga</p> <p><u>Comisión de seguimento</u>: Alcaldía, Concellería encargada do servizo de auga, Medio ambiente, Departamento de comunicacións, Oficina Técnica, Servizo de obras, Protección civil, etc.</p> <p><u>Control operativo</u>: Xefe de obras, Oficina técnica, Protección civil.</p> <p><u>Gabinete de comunicación</u>: Responsable de comunicación do concello ou alcaldía.</p> <p>Desta maneira a DIRECCIÓN DO PLAN corresponderá á concellería responsable do contrato de servizo de auga e rede de saneamento e a alcaldía, a cal declarará formalmente a activación e desactivación do plan e será responsable de constituír e convocar a Comisión de seguimento.</p> <p>A COMISIÓN DE SEGUIMIENTO deberá tomar as decisións e activar as medidas necesarias para cada escenario de seca que coordinará coa</p>

	<p>Comisión de Control Operativo Á vez, deberá dirixir as accións de comunicación a partir das actuacións comunicativas descritas no plan.</p> <p>As funcións da COMISIÓN DE CONTROL OPERATIVO centraranse en coordinar cos recursos municipais as tarefas que lle encomende a Comisión de seguimento.</p> <p>Será tamén competencia desta comisión a inspección e seguimento das restricións adoptadas por parte da cidadanía.</p> <p>Finalmente o GABINETE DE COMUNICACIÓN deberá atender aos medios de comunicación e executar as mensaxes informativas a partir das indicacións da Comisión de seguimento.</p>
Horizonte temporal	Curto prazo (<1 ano)
Datas de inicio e fin	Calquera mes
Orzamento total e anualizado	-
Fontes de financiación	Medios propios do Concello
Volume de auga aforrado recursos adicionais que se esperan xerar	-

Nome da medida	Establecemento dun marco de información e comunicación con autoridades e institucións responsables en cada ámbito
Descrición da medida	<p>O obxectivo será identificar as actuacións de información e integración de todas as institucións e entidades competentes en cada evento de seca.</p> <p>As relacións entre os interlocutores levaranse a cabo a través da comisión de seguimento e realizarase mediante os procedementos establecidos por esta. Teranse as relacións contractuais e/ou de dependencia entre os distintos compoñentes implicados.</p> <p>Hai que ter en conta que o Organismo de Conca ten a responsabilidade sobre a xestión hídrica do concello, polo que as actuacións que superen a competencia municipal deberán someterse á aprobación previa.</p> <p>A transferencia de dereitos de concesión, redistribución de captacións, cambios de uso, etc. Teñen que ser informadas polo organismo de conca.</p>
Horizonte temporal	Continua
Datas de inicio e fin	-
Orzamento total e anualizado	-
Fontes de financiación	Medios propios do concello, Xunta de Galicia, CHMS.
Volume de auga aforrado recursos adicionais que se esperan xerar	-



Nome da medida	Deseño, planificación e programación de campañas de aforro prevención e sensibilización cidadá.
Descrición da medida	<p>Antes da entrada nunha situación de alerta por seca, deberanse definir e planificar as actuacións de información e concienciación en materia de medidas de aforro de auga.</p> <p>Estas campañas poderán realizarse a través de varios sistemas:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Información directa a persoas e comunidades sobre as medidas de aforro voluntario. – Campañas de información en medios de comunicación tradicionais e novas tecnoloxías (redes sociais,...) – Información de medidas obrigadas de aforro a nivel de dependencias municipais. – Posibles campañas de promoción do aforro mediante entrega de elementos informativos ou incluso elementos de aforro (filtros difusores de billa, etc.)
Horizonte temporal	Curto prazo (<1 ano)
Datas de inicio e fin	Calquera mes
Orzamento total e anualizado	2.500 €
Fontes de financiación	Medios propios do concello
Volume de auga aforrado recursos adicionais que se esperan xerar	-

Nome da medida	Creación dun portal web de difusión de información sobre os eventos de seca e medidas na páxina web do Concello.
Descrición da medida	<p>Asociada a medida anterior, contéplase a posibilidade de incluír na páxina web do concello un apartado referente á situación do concello (normalidade, prealerta, alerta ou emerxencia).</p> <p>Poderá incorporar información acerca de medidas de aforro prevención e sensibilización ou as accións que o concello e usuarios deben levar a cabo en cada escenario.</p>
Horizonte temporal	Curto prazo (<1 ano)
Datas de inicio e fin	Calquera mes
Orzamento total e anualizado	3.500 €
Fontes de financiación	Medios propios do concello
Volume de auga aforrado recursos adicionais que se esperan xerar	-



Nome da medida	Desenvolvemento e aprobación de canons de seca permanentes, o conxunturais para aplicar en escenarios de emerxencia
Descrición da medida	<p>Estudiarase a aplicación de mecanismos de recuperación ou financiación dos custos adicionais derivados da implantación das medidas especificadas para cada escenario (custos enerxéticos, controis de calidade das augas, adquisición de recursos adicionais, camións cisterna, etc.)</p> <p>Estes mecanismos de recuperación ou financiación poderán ser de dous tipos:</p> <p><u>Canon conxuntural de seca</u>: supón a aplicación dunha tarifa especial para situacións de seca. Ademais de ser unha medida de recuperación dos custos xerados serve para incentivar o aforro. Será anulada no momento en que o sistema recupere o funcionamento normal.</p> <p><u>Canon permanente de seca</u>: establecer de maneira permanente unha dotación económica para situacións de seca en previsión dos custos adicionais. A vantaxe é aportar fondos para accións de tipo preventivo en tempos de normalidade.</p> <p>Actualizacións na Ordenanza que rexe as taxa por subministro de auga potable, incluíndo o canon da seca ou ben outras medidas como o incremento das tarifas como medida de presión durante eventos de seca ou descontos tarifarios ás empresas ou grandes consumidores que consigan reducir os consumos respecto á media anual dos últimos anos.</p> <p>No caso de Begonte, a maior parte dos residentes do concello abastécense a través da rede municipal do concello, polo que podería establecerse un canon conxuntural para medidas específicas nos escenarios de seca.</p>
Horizonte temporal	Curto prazo (<1 ano)
Datas de inicio e fin	Calquera mes
Orzamento total e anualizado	-
Fontes de financiación	Medios propios do concello
Volume de auga aforrado recursos adicionais que se esperan xerar	-

Nome da medida	Identificación de posibles entidades que poderían abastecer ao municipio mediante camións cisterna (empresa o entidade, volume de auga, prezo).
Descrición da medida	<p>Trátase de identificar que entidades próximas ao concello que poderían realizar as labores de abastecemento de auga mediante camións cisterna.</p> <p>Neste caso, existen convenios de colaboración da Deputación co Consorcio Provincial de Incendios para o que se empregan a frota de vehículos dos parques de bombeiros de Lugo. Para o caso de Begonte, e debido á súa proximidade, sería o parque de bombeiros de Lugo ou Vilalba os encargados de realizar esas tarefas.</p> <p>Por outro lado existe un vehículo nodriza xestionado pola Axencia Galega de Emerxencias (Axega) con capacidade de 25.000 litros.</p> <p>Outros transportistas autorizados</p>

Horizonte temporal	Curto prazo (<1 ano)
Datas de inicio e fin	Calquera mes
Orzamento total e anualizado	-
Fontes de financiación	Financiado a través de medios propios do concello ou ben subvencións de outras administracións como convenios coa Deputación provincial ou Xunta de Galicia.
Volume de auga aforrado recursos adicionais que se esperan xerar	-

Nome da medida	Implantación de elementos de baixo consumo en instalacións municipais.
Descrición da medida	Basease en actuacións concretas e valoradas para a redución exemplar do consumo de auga en instalacións do Concello ou vinculadas a este. Implantación de elementos de baixo consumo nas instalacións municipais, como por exemplo pulsadores de baixo consumo, filtros difusores, redutores de depósitos de inodoros, etc.
Horizonte temporal	Tres meses
Datas de inicio e fin	Calquera mes
Orzamento total e anualizado	6.000 €
Fontes de financiación	Financiado a través de medios propios do concello.
Volume de auga aforrado recursos adicionais que se esperan xerar	Ata un 50% do volume de consumo inicial

Nome da medida	Posta a punto das infraestruturas de saneamento de augas residuais
Descrición da medida	O concello de Begonte conta con varias estacións de depuración que dan servizo a gran parte dos núcleos do concello. Propónse a execución de actuacións de posta a punto e adecuación das fosas existentes que garantan un adecuado tratamento das augas residuais xeradas, cumprindo cos requisitos de vertido establecidos pola normativa vixente.
Horizonte temporal	Curto prazo (<3 anos)
Datas de inicio e fin	Época estival
Orzamento total e anualizado	A estimar
Fontes de financiación	Financiado a través de medios propios do concello ou ben subvencións de outras administracións como Deputación, Xunta de Galicia, CHMS, ou liñas de financiación especiais.
Volume de auga aforrado recursos adicionais que se esperan xerar	-

ESCENARIO DE PREALERTA

Nome da medida	Seguimento das predicións estacionais e dos caudais circulantes, aportación etc. a través dos sistemas de información existentes.
Descrición da medida	Levarase a cabo un seguimento das predicións estacionais de AEMET, Meteogalicia e EFAS e farase un seguimento dos caudais circulantes, aportacións ou encoros a través dos sistemas de información existentes.
Horizonte temporal	Continua
Datas de inicio e fin	Calquera mes
Orzamento total e anualizado	-
Fontes de financiación	Financiado a través de medios propios do concello
Volume de auga aforrado recursos adicionais que se esperan xerar	-

Nome da medida	Control de consumos e caudais e dos niveis das fontes de auga.
Descrición da medida	<p>Realizarase un control de consumos e caudais así como dos niveis das fontes de auga que abastecen os diferentes núcleos do Concello co fin de mellorar a eficiencia e a racionalización no uso da auga. Desta forma poderase identificar posibles perdas na rede de distribución e axilizando as actuacións de reparación.</p> <p>Poderán penalizarse os consumos excesivos ou inapropiados, e deberá prestarse atención á calidade das augas, terase en conta a Orde ARM/1312/2009, de 20 de maio, pola que se regulan os sistemas para realizar o control efectivo dos volumes de auga utilizados polos aproveitamentos de auga do dominio público hidráulico, de os retornos ao citado dominio público e das verteduras ao mesmo.</p>
Horizonte temporal	Durante o escenario de prealerta
Datas de inicio e fin	Data de entrada no estado de prealerta.
Orzamento total e anualizado	10.000 €/ano
Fontes de financiación	Financiado a través de medios propios do concello ou ben subvencións de outras administracións como Deputación, Xunta de Galicia, CHMS, ou liñas de financiación especiais.
Volume de auga aforrado recursos adicionais que se esperan xerar	Sen datos reais de consumos actuais

Nome da medida	Posta a punto de infraestruturas de emerxencia e dos recursos alternativos.
Descrición da medida	<p>Correspóndese coas actuacións de posta a punto e mantemento de infraestruturas de emerxencia ou outros recursos alternativos como captacións de reforzo ou dedicadas a outros usos, pozos de seca, etc. ante a posible integración no sistema de subministro, como é o caso da capitalidade que conta con algunha captación de reforzo para escenarios de seca.</p> <p>Analizarase o estado das mesmas e levaranse a cabo as accións necesarias para o seu acondicionamento.</p> <p>Valorarase a disposición e situación de captacións alternativas, reservas estratéxicas, encoros existentes con usos distintos dos de abastecemento e rega, utilización de infraestruturas recollidas no inventario realizado con anterioridade, para afrontar as situación de escaseza, posibles transferencias internas, todo conforme aos estudos elaborados en fase de normalidade.</p>
Horizonte temporal	Durante o escenario de prealerta
Datas de inicio e fin	Data de entrada no estado de prealerta.
Orzamento total e anualizado	A estimar
Fontes de financiación	Financiado a través de medios propios do concello.
Volume de auga aforrado recursos adicionais que se esperan xerar	Non existen rexistros dos caudais dispoñibles.

Nome da medida	Iniciar campañas de información e publicación de previsións sobre a posible evolución do problema.
Descrición da medida	<p>Activaranse as campañas de información, considerando actuacións a nivel dos distintos grupos de interese e utilizando os medios máis adecuados.</p> <p>Información directa ás persoas ou comunidades de veciños sobre as medidas de aforro voluntario (control de fugas, substitución de billas, uso responsable), co fin de que a sociedade e os usuarios se impliquen no proceso e asuman a necesidade de reducir a utilización e o consumo dos recursos hídricos, así como de orientación da campaña de regas (cultivos e métodos de rega).</p> <p>Campañas de información en medios de comunicación tradicionais e a través das novas tecnoloxías da posible evolución do problema.</p> <p>Información sobre as medidas obrigatorias de aforro a nivel de dependencias municipais</p>
Horizonte temporal	Durante o escenario de prealerta
Datas de inicio e fin	Data de entrada no estado de prealerta.
Orzamento total e anualizado	2.000 €
Fontes de financiación	Financiado a través de medios propios do concello.
Volume de auga aforrado recursos adicionais que se esperan xerar	Sen datos de consumos reais en situación de normalidade e seca.



Nome da medida	Vixilancia sobre vertidos de augas residuais
Descrición da medida	<p>A variación na cantidade e calidade da auga subministrada pode afectar ao sistema de depuración debido á variación nos réximes de recepción de caudais: maior carga contaminante da auga de entrada.</p> <p>Estes aspectos poden afectar á calidade de saída da auga depurada aportada ao medio, polo que se debe intensificar a vixilancia e control das verteduras inapropiadas en aplicación da Orde ARM/1312/2009, de 20 de maio, pola que se regulan os sistemas para realizar o control efectivo dos volumes de auga utilizados polos aproveitamentos de auga do dominio público hidráulico, dos retornos ao citado dominio público hidráulico e das verteduras ao mesmo</p>
Horizonte temporal	Durante o escenario de prealerta
Datas de inicio e fin	Data de entrada no estado de prealerta.
Orzamento total e anualizado	12.000 €
Fontes de financiación	Financiado a través de medios propios do concello ou ben subvencións de outras administracións como Deputación, Xunta de Galicia, CHMS, ou liñas de financiación especiais.
Volume de auga aforrado recursos adicionais que se esperan xerar	-

ESCENARIO DE ALERTA

Nome da medida	Seguimento das predicións estacionais e dos caudais circulantes, aportación etc. a través dos sistemas de información existentes.
Descrición da medida	Levarase a cabo un seguimento das predicións estacionais de AEMET, Meteogalicia e EFAS e farase un seguimento dos caudais circulantes, aportacións ou encoros a través dos sistemas de información existentes.
Horizonte temporal	Continua
Datas de inicio e fin	Calquera mes
Orzamento total e anualizado	-
Fontes de financiación	Financiado a través de medios propios do concello
Volume de auga aforrado recursos adicionais que se esperan xerar	-

Nome da medida	Posta en marcha de recursos alternativos e infraestruturas de emerxencia.
Descrición da medida	<p>Poranse en marcha as instalacións de recursos alternativos ante a posible integración no sistema de subministro, captacións de reforzo ou destinadas a outros usos como a rega, encoros existentes con usos distintos dos de abastecemento e regadío, pozos de seca e outras infraestruturas recollidas no inventario, conforme aos estudos realizados en fases anteriores.</p> <p>Posta en marcha de transferencias internas, conforme aos estudos realizados en fase de normalidade.</p> <p>O réxime de funcionamento dependerá da evolución das necesidades existentes.</p>
Horizonte temporal	Durante o escenario de alerta
Datas de inicio e fin	Data de entrada no estado de alerta.
Orzamento total e anualizado	5.000 €
Fontes de financiación	Medios propios do concello
Volume de auga aforrado recursos adicionais que se esperan xerar	Non hai datos reais de caudais dispoñibles.



Nome da medida	Intensificación das campañas de control de consumos e redución de perdas e da monitorización da calidade da auga
Descrición da medida	<p>Intensificación da vixilancia sobre os aproveitamentos aumentando os controis para a detección de perdas e diminuindo o tempo de reparación das mesmas. En xeral, é recomendable realizar campañas de detección de perdas anuais, xa que en situación de alerta non se realiza o suficientemente rápido para que sexa unha resposta eficaz contra á seca.</p> <p>Intensificación dos controis de calidade da auga nos sistemas de abastecemento máis afectados pola seca.</p> <p>Penalizaranse os consumos excesivos.</p>
Horizonte temporal	Durante o escenario de alerta
Datas de inicio e fin	Data de entrada no estado de alerta.
Orzamento total e anualizado	10.000 €
Fontes de financiación	Medios propios do concello
Volume de auga aforrado recursos adicionais que se esperan xerar	Non hai datos reais de caudais dispoñibles.

Nome da medida	Reforzo das campañas de información e concienciación
Descrición da medida	<p>Reforzaranse as campañas de información a comunidades de veciños empresas, etc. da situación de alerta reinante. Nesta fase ademais das mensaxes de concienciación sobre o aforro de auga é preciso transmitir a situación de escaseza na que se vive, os niveis de recursos existentes, os prognósticos e os problemas que pode causar a entrada nun estado de emerxencia.</p> <p>Información sobre as medidas establecidas polo Plan coas obrigatorias de aforro para esta fase e a seguinte, así como das posibles restricións no sistema de abastecemento.</p>
Horizonte temporal	Durante o escenario de alerta
Datas de inicio e fin	Data de entrada no estado de alerta.
Orzamento total e anualizado	2.500 €
Fontes de financiación	Financiado a través de medios propios do concello.
Volume de auga aforrado recursos adicionais que se esperan xerar	Sen datos de consumos reais en situación de normalidade e seca.

Nome da medida	Establecemento de restricións de usos non prioritarios.
Descrición da medida	<p>Estableceranse restricións de uso de auga potable para usos non prioritarios:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Limitacións na rega de xardíns e zonas verdes. A rega en xardíns privados ou hortas deberá realizarse preferiblemente nas horas comprendidas entre o amencer e o atardecer e será o mínimo posible para garantir o mantemento das especies, preferiblemente por goteo ou aspersión. – Restricións para as tarefas limpeza de rúas, pavimentos, terrazas ou similares utilizando mangas de auga ou outros sistemas que utilicen unha lámina de auga para arrastrar a sucidade. – Prohibición de enchido de piscinas – Prohibición de limpeza de vehículos con manguera ou fóra de establecementos comerciais dedicados a esta actividade que contén con sistemas de recirculación da auga (excluídos vehículos de transporte de comida, animais, ambulancias e servizos médicos, transporte de medicamentos, transporte de residuos que se realizará coa mínima utilización de auga posible). – Prohibición de enchido de fontes ornamentais e outros elementos de uso estético da auga. <p>Deberase informar á poboación da obrigatoriedade do cumprimento desta medida.</p>
Horizonte temporal	Durante o escenario de alerta
Datas de inicio e fin	Data de entrada no estado de alerta.
Orzamento total e anualizado	500 €
Fontes de financiación	Medios propios do concello
Volume de auga aforrado recursos adicionais que se esperan xerar	Non hai datos reais de caudais consumidos fóra da rede municipal.

Nome da medida	Modulación de consumos a través de control de presións
Descrición da medida	<p>Redución da presión nocturna do sistema de auga potable municipal na franxa na que se rexistran consumos menores (01:00 e as 6:00 horas) e garantindo os volumes mínimos necesarios, co fin de reducir os consumos e diminuír durante a noite as posibles perdas na rede.</p>
Horizonte temporal	Durante o escenario de alerta
Datas de inicio e fin	Data de entrada no estado de alerta.
Orzamento total e anualizado	-
Fontes de financiación	Medios propios do concello
Volume de auga aforrado recursos adicionais que se esperan xerar	Non hai datos reais de caudais consumidos



Nome da medida	Activación do canon de seca e outras medidas sobre tarifas.
Descrición da medida	Poderá activarse o canon da seca a partir da situación de alarma, ou outras medidas sobre as taxas de subministro de auga potable (incremento das tarifas durante situacións de seca como medida de presión ou de desconto tarifario para aquelas empresas ou consumidores que consigan reducir os consumos respecto á media anual dos últimos anos).
Horizonte temporal	Durante o escenario de alerta
Datas de inicio e fin	Data de entrada no estado de alerta.
Orzamento total e anualizado	-
Fontes de financiación	Medios propios do concello
Volume de auga aforrado recursos adicionais que se esperan xerar	-

Nome da medida	Activación do comité de seguimento da seca e do plan de seguimento de indicadores. Coordinación entre Administracións e entidades públicas vinculadas ao problema.
Descrición da medida	<p>Activarase o comité de seguimento da seca e do plan de seguimento de indicadores:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Establecerase un calendario de reunións continuas para analizar as accións e os resultados obtidos. - Rexistrarase a evolución dos parámetros de dispoñibilidade de recursos, situación das infraestruturas e datos de consumos, así como as accións e os resultados obtidos para posteriormente realizar un informe que mellore as futuras accións de mitigación dos efectos da seca. - Crear ou intensificar, si procede, novas medidas a implementar en caso de entrar en situación de emerxencia, e incluso para a posta en marcha durante a situación de alerta si as accións non están obtendo o resultado esperado. - Comunicación e coordinación con outras Administracións con competencia sobre a xestión hídrica do concello.
Horizonte temporal	Durante o escenario de alerta
Datas de inicio e fin	Data de entrada no estado de alerta.
Orzamento total e anualizado	-
Fontes de financiación	Medios propios do concello
Volume de auga aforrado recursos adicionais que se esperan xerar	-

Nome da medida	Intensificación do control e seguimento dos vertidos
Descrición da medida	Intensifícaranse os controis e seguimento dos vertidos de augas residuais da fase de prealerta, co fin de evitar o deterioro das masas de auga por causa da redución nos caudais circulantes que mingua a súa capacidade de depuración. Intensificación de tratamentos cando sexa posible.
Horizonte temporal	Durante o escenario de alerta
Datas de inicio e fin	Data de entrada no estado de alerta.
Orzamento total e anualizado	6.000 €
Fontes de financiación	Medios propios do concello
Volume de auga aforrado recursos adicionais que se esperan xerar	-

ESCENARIO DE EMERXENCIA

Nome da medida	Seguimento das predicións estacionais e dos caudais circulantes, aportación etc. a través dos sistemas de información existentes.
Descrición da medida	Levarase a cabo un seguimento das predicións estacionais de AEMET, Meteogalicia e EFAS e farase un seguimento dos caudais circulantes, aportacións ou encoros a través dos sistemas de información existentes.
Horizonte temporal	Continua
Datas de inicio e fin	Calquera mes
Orzamento total e anualizado	-
Fontes de financiación	Financiado a través de medios propios do concello
Volume de auga aforrado recursos adicionais que se esperan xerar	-

Nome da medida	Reforzo das campañas de información e concienciación
Descrición da medida	<p>Reforzaranse as campañas de información a comunidades de veciños empresas, etc. da situación de alerta reinante. Nesta fase ademais das mensaxes de concienciación sobre o aforro de auga é preciso transmitir a situación de emerxencia na que se vive e as medidas previstas segundo o Plan para o estado de emerxencia.</p> <p>Información sobre os niveis de recursos existentes e prognósticos.</p>
Horizonte temporal	Durante o escenario de emerxencia
Datas de inicio e fin	Data de entrada no estado de emerxencia
Orzamento total e anualizado	1.500 €
Fontes de financiación	Financiado a través de medios propios do concello.
Volume de auga aforrado recursos adicionais que se esperan xerar	Sen datos de consumos reais en situación de normalidade e seca.

Nome da medida	Declaración institucional de situación de emerxencia.
Descrición da medida	<p>Declaración oficial do estado de emerxencia por seca e as poboacións afectadas.</p> <p>Bando da alcaldía sobre as limitacións e restricións que implica o estado de emerxencia.</p> <p>Coordinación entre los técnicos municipais, a policía ou garda civil protección civil para vixiar o cumprimento das medidas.</p>
Horizonte temporal	Durante o escenario de emerxencia
Datas de inicio e fin	Data de entrada no estado de emerxencia
Orzamento total e anualizado	-
Fontes de financiación	Medios propios do concello.
Volume de auga aforrado recursos adicionais que se esperan xerar	Sen datos de consumos reais en situación de normalidade e seca.



Nome da medida	Reunións periódicas do comité de seguimento da seca. Coordinación entre Administracións e entidades públicas vinculadas ao problema.
Descrición da medida	<p>Incrementarase a periodicidade das reunións de supervisión, control e valoración das accións emprendidas. Crearanse ou intensificaranse, si procede, novas medidas para mellorar os resultados de aforro e eficiencia no servizo de augas durante a situación de emerxencia por seca.</p> <p>Determinarase a necesidade de contar con un maior número de informes internos así como expertos ou empresas externas como axuda para solucionar os problemas creados pola falta de recursos.</p> <p>Rexistrarase a evolución dos parámetros de dispoñibilidade de recursos, situación das infraestruturas, datos de consumo, así como das accións e resultados obtidos, para posteriormente realizar un informe que mellore as accións futuras de mitigación dos efectos da seca.</p> <p>Manterase a comunicación e coordinación con outras Administracións con competencia sobre a xestión hídrica do concello.</p>
Horizonte temporal	Durante o escenario de emerxencia
Datas de inicio e fin	Data de entrada no estado de emerxencia
Orzamento total e anualizado	2.000 €
Fontes de financiación	Medios propios do concello.
Volume de auga aforrado recursos adicionais que se esperan xerar	-

Nome da medida	Continuar coa prohibición de usos non esenciais
Descrición da medida	<p>Continuaranse coas restricións de uso de auga potable para usos non prioritarios:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Prohibición de realizar a rega con auga potable salvo o estritamente necesario para a supervivencia de árbores e plantas que non sexan de ciclo corto de vida. A rega de supervivencia realizarase sempre en horas nocturnas en mediante sistemas de goteo ou aspersión, en ningún caso mediante rega a manta. En caso de existir recursos hídricos independentes ao empregado para o abastecemento da poboación e, ademais, que o seu consumo non afecte á fonte de orixe dos devanditos recursos, estes poderán empregarse para a rega de parques e xardíns, aínda que sinalando en todo momento a súa orixe para evitar agravios comparativos en canto aforro por parte da cidadanía e a administración. - Prohíbese a limpeza de rúas salvo en accidentes ou por vertido de produtos ou elementos que precisen ser eliminados por razóns de salubridade ou seguridade. Realizarase preferiblemente mediante auga a presión e co mínimo imprescindible. - Prohibición de enchido de piscinas - Só se permitirá a limpeza de vehículos nos establecementos autorizados, procederase ao corte de auga naqueles que non dispoñan de circuíto de reciclado de auga.

	<p>– Prohibición de enchido de fontes e outros elementos de uso estético da auga.</p> <p>Deberase informar á poboación da obrigatoriedade do cumprimento desta medida.</p>
Horizonte temporal	Durante o escenario de emerxencia
Datas de inicio e fin	Data de entrada no estado de emerxencia
Orzamento total e anualizado	-
Fontes de financiación	Medios propios do concello.
Volume de auga aforrado recursos adicionais que se esperan xerar	-

Nome da medida	Subministro de auga mediante camións cisterna.
Descrición da medida	<p>Levarase a cabo o subministro especial de auga potable mediante camións cisterna aos depósitos de cabeceira daqueles núcleos de poboación nos que os recursos existentes non poden cubrir as demandas de consumo humano. Seguimento daqueles núcleos máis vulnerables nos que xa se rexistraron problemas de seca en anos anteriores. Deberá garantirse o abastecemento aos usos prioritarios (doméstico, gandeiro).</p> <p>O abastecemento mediante camións cisterna poderá solicitarse a través da Deputación en colaboración co consorcio provincial de incendios (frota de vehículos do parque de bombeiros de Lugo ou Vilalba), a través da Axencia Galega de Emerxencias (Axega) ou ben mediante transportistas autorizados.</p>
Horizonte temporal	Durante o escenario de emerxencia
Datas de inicio e fin	En función das necesidades
Orzamento total e anualizado	20.000 €/ano
Fontes de financiación	Medios propios do concello, Deputación de Pontevedra, Xunta de Galicia, CHMS.
Volume de auga aforrado recursos adicionais que se esperan xerar	-

Nome da medida	Intensificación do control e seguimento dos vertidos
Descrición da medida	<p>Continuarán os controis e seguimento dos vertidos de augas residuais da fase de alerta, co fin de evitar o deterioro das masas de auga por causa da redución nos caudais circulantes que mingua a súa capacidade de depuración. Intensificación de tratamentos cando sexa posible.</p>
Horizonte temporal	Durante o escenario de emerxencia
Datas de inicio e fin	Data de entrada no estado de alerta-emerxencia
Orzamento total e anualizado	3.000 €
Fontes de financiación	Medios propios do concello
Volume de auga aforrado recursos adicionais que se esperan xerar	-




Nome da medida	Mobilización conxuntural de recursos extraordinarios
Descrición da medida	<p>Nesta fase as reservas de auga subterránea, pozos de seca, constitúen un recurso estratéxico esencial cuxo aproveitamento conxuntural axudará á mitigación dos impactos da escaseza.</p> <p>Utilización de pozos específicos de seca (planificados, acondicionados en fases anteriores) reservados para afrontar estas situacións.</p> <p>Continuarase co uso de recursos alternativos integrados no sistema, como captacións de reforzo, encoros, transferencias internas, etc. conforme aos estudos realizados en fase de normalidade.</p> <p>O réxime de funcionamento dependerá da evolución das necesidades existentes.</p>
Horizonte temporal	Durante o escenario de emerxencia
Datas de inicio e fin	En función das necesidades
Orzamento total e anualizado	5.000 €
Fontes de financiación	Medios propios do concello.
Volume de auga aforrado recursos adicionais que se esperan xerar	-

Nome da medida	Restricións horarias ao abastecemento en fogares.
Descrición da medida	<p>Estableceranse restricións ou cortes horarios programados aos subministro de auga potable.</p> <p>Mantéñense as medidas de redución de presión da fase de alerta ampliando o número de horas de forma progresiva co agravamento da situación. Poderán programarse cortes no subministro fundamentalmente de noite e ir ampliando as horas ata chegar a cortes durante o horario de tarde .</p>
Horizonte temporal	Durante o escenario de emerxencia
Datas de inicio e fin	En función das necesidades
Orzamento total e anualizado	-
Fontes de financiación	Medios propios do concello.
Volume de auga aforrado recursos adicionais que se esperan xerar	-





PLANOS





CAPTACIÓNS	DEPÓSITOS	REDES
▲ Captación municipal	■ Depósito municipal	— Rede municipal en alta
▲ Captación veciñal	■ Depósito veciñal	— Rede municipal en baixa
		— Rede veciñal

PLANO: Rede de abastecemento	Nº PLANO: 1	FOLLA: 1 DE 9	ESCALA: A1 - 1:7.500 A3 - 1:15.000




CAPTACIÓNS	DEPÓSITOS	REDES
▲ Captación municipal	■ Depósito municipal	— Rede municipal en alta
▲ Captación veciñal	■ Depósito veciñal	— Rede municipal en baixa
		— Rede veciñal

PROXECTO: PLAN MUNICIPAL DE EMERXENCIA E XESTIÓN DO RISCO DE SECA. CONCELLO DE BEGONTE		N° PLANO: 1		FOLLA: 2 DE 9	
PLANO: Rede de abastecemento		ESCALA: A1 - 1:7.500 A3 - 1:15.000		DATA: XUÑO 2021	





CAPTACIÓNS	DEPÓSITOS	REDES
▲ Captación municipal	■ Depósito municipal	— Rede municipal en alta
▲ Captación veciñal	■ Depósito veciñal	— Rede municipal en baixa
		— Rede veciñal

PROXECTO: PLAN MUNICIPAL DE EMERXENCIA E XESTIÓN DO RISCO DE SECA. CONCELLO DE BEGONTE		N° PLANO: 1		FOLLA: 3 DE 9		DATA: XUÑO 2021	
PLANO: Rede de abastecemento		ESCALA: A1 - 1:7.500 A3 - 1:15.000					





CAPTACIÓNS	DEPÓSITOS	REDES
▲ Captación municipal	■ Depósito municipal	— Rede municipal en alta
▲ Captación veciñal	■ Depósito veciñal	— Rede municipal en baixa
		— Rede veciñal

PROXECTO:		PLAN MUNICIPAL DE EMERXENCIA E XESTIÓN DO RISCO DE SECA. CONCELLO DE BEGONTE						DATA: XUÑO 2021	
PLANO:		Rede de abastecemento				Nº PLANO:	FOLLA:	ESCALA:	
						1	4 DE 9	A1 - 1:7.500 A3 - 1:15.000	




<p>CAPTACIÓNS</p> <ul style="list-style-type: none"> ▲ Captación municipal ▲ Captación veciñal 	<p>DEPÓSITOS</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ Depósito municipal ■ Depósito veciñal 	<p>REDES</p> <ul style="list-style-type: none"> — Rede municipal en alta — Rede municipal en baixa — Rede veciñal
---	--	---

 <p>PROYESTEGAL PROYECTOS Y ESTUDIOS TÉCNICOS DE GALICIA</p>	 <p>XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE Augas de Galicia</p>		
<p>PROXECTO: PLAN MUNICIPAL DE EMERXENCIA E XESTIÓN DO RISCO DE SECA. CONCELLO DE BEGONTE</p>		<p>DATA: XUÑO 2021</p>	
<p>PLANO: Rede de abastecemento</p>		<p>Nº PLANO: 1</p>	<p>FOLLA: 5 DE 9</p>
		<p>ESCALA: A1 - 1:7.500 A3 - 1:15.000</p>	





CAPTACIÓNS	DEPÓSITOS	REDES
▲ Captación municipal	■ Depósito municipal	— Rede municipal en alta
▲ Captación veciñal	■ Depósito veciñal	— Rede municipal en baixa
		— Rede veciñal

PROXECTO: PLAN MUNICIPAL DE EMERXENCIA E XESTIÓN DO RISCO DE SECA. CONCELLO DE BEGONTE		N° PLANO: 1		FOLLA: 6 DE 9		DATA: XUÑO 2021	
PLANO: Rede de abastecemento						ESCALA: A1 - 1:7.500 A3 - 1:15.000	





CAPTACIÓNS	DEPÓSITOS	REDES
▲ Captación municipal	■ Depósito municipal	— Rede municipal en alta
▲ Captación veciñal	■ Depósito veciñal	— Rede municipal en baixa
		— Rede veciñal

PROXECTO:		PLAN MUNICIPAL DE EMERXENCIA E XESTIÓN DO RISCO DE SECA. CONCELLO DE BEGONTE						DATA: XUÑO 2021	
PLANO:		Rede de abastecemento				Nº PLANO:	FOLLA:	ESCALA:	
						1	7 DE 9	A1 - 1:7.500 A3 - 1:15.000	



CAPTACIÓNS	DEPÓSITOS	REDES
▲ Captación municipal	■ Depósito municipal	— Rede municipal en alta
▲ Captación veciñal	■ Depósito veciñal	— Rede municipal en baixa
		— Rede veciñal

 PROYESTEGAL PROYECTOS Y ESTUDIOS TÉCNICOS DE GALICIA	 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE Augas de Galicia		
PLANO: Rede de abastecemento	Nº PLANO: 1	FOLLA: 8 DE 9	ESCALA: A1 - 1:7.500 A3 - 1:15.000



CAPTACIÓNS

- ▲ Captación municipal
- ▲ Captación veciñal

DEPÓSITOS

- Depósito municipal
- Depósito veciñal

REDES

- Rede municipal en alta
- Rede municipal en baixa
- Rede veciñal



PROXECTO:	PLAN MUNICIPAL DE EMERXENCIA E XESTIÓN DO RISCO DE SECA. CONCELLO DE BEGONTE			DATA:	XUÑO 2021
PLANO:	Rede de abastecemento	Nº PLANO:	1	FOLLA:	9 DE 9
				ESCALA:	A1 - 1:7.500 A3 - 1:15.000